



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 8 de novembro de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día oito de novembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(893).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 30 de outubro e ordinaria do 4 de novembro de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(894).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 17731/111.**

Dáse conta do informe-proposta de data 30/10/2024, asinado pola letrada titular de Asesoría Xurídica municipal e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

### A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 17135/111

Sentenza nº 131 do 24 de xullo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Abreviado: 89/2024

Demandante/Recorrente: Particular.

Obxecto: desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA polos danos ocasionados no vehículo matrícula 9918-GFS cando circulaba pola Carretera Vella de Madrid.

Expte(s): 6912/243

Contía: 864,60 €.

A sentenza firme estima o recurso fronte a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial pola danos sufridos no vehículo ao circular pola Estrada Vella de Madrid polo mal estado do calzada, e a posterior resolución expresa de inadmisión da reclamación por corresponder o mantemento do vial a Xunta de Galicia, e condena ao Concello de Vigo a abonar ao reclamante 769,55 euros xunto cos intereses legais xerados dende a presentación da reclamación, sen imposición de costas.

No fundamento xurídico primeiro considera acreditada a lexitimación pasiva do concello á vista do instrumento de colaboración administrativa entre a administración local e autonómica do ano 2000, por moito que non se houbera formalizado a acta de entrega do tramo do vial.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

2.- Contencioso. Expediente nº 17111/111

Sentenza nº 149 do 2 de setembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Abreviado: 84/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída na praza da Estrela nº 8.

Expte(s): 7057/243

Contía: 13.295,47 €.

A sentenza que estima parcialmente o recurso interposto fronte a resolución da Autoridade Portuaria de Vigo de inadmisión da reclamación de responsabilidade patrimonial que anula e revoca, condenando ao pago á recorrente da cantidade total de 6.000 euros polos danos ocasionados con motivo dunha caída na praza da Estrela ( en zona de dominio público portuario), desestima integramente a demanda fronte ao Concello de Vigo.

A sentenza é firme sen imposición de costas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

3.- Contencioso. Expediente nº 17185/111  
Sentenza nº 157 do 2 de setembro de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.  
Abreviado: 103/2024  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA formulada polos danos ocasionados ao vehículo ao accidentarse por mor da existencia dunha mancha de gasóleo na estrada Matamá Pazo nº 21.  
Expte(s): 7226/243  
Contía: 9.439,04 €.

A sentenza desestima o recurso ao considerar que o vertido dunha substancia deslízante na calzada é imputable a outro vehículo e non ao Concello de Vigo e non resulta esixible a Administración realizar un mantemento preventivo constante de tódalas vías da súa titularidade a fin de anticiparse e evitar calquera incidencia que poida existir nelas.

A sentenza é firme sen imposición de costas.

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio- RPA.

4.- Contencioso. Expediente nº 17399/111  
Sentenza nº 181 do 13 de setembro de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.  
Abreviado: 151/2024  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: Desestimación por silencio da reclamación de RPA polos danos sufridos por mor dunha caída na Avda. Gran Vía, 148.  
Expte(s): 7110/243  
Contía: 2.495,52 €.

A sentenza desestima a recurso contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia da caída na Avda. da Gran Vía á altura do número 148 por considerar que da valoración conxunta da proba practicada conclúese a ausencia de responsabilidade do Concello na causación do dano por non constar que no mesmo punto da beirarrúa se teñan producido outras caídas e polas características do defecto invocado, que era mínimo pois consistía nun desnivel duns 2 cm, practicamente inapreciable.

No fundamento xurídico segundo invoca diversa xurisprudencia e razoa que neste caso non consta que se producisen outras caídas no mesmo punto de beirarrúa e que o defecto do pavimento invocado era mínimo un resalte duns 2 cm practicamente inapreciable, sen que tampouco conste probado que a baldosa se moveuse, de xeito que provocase que a reclamante no momento de pisar sobre a mesma perdesse o equilibrio, o que podería ser un defecto de maior gravidade.

A sentenza é firme sen imposición de costas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

5.- Contencioso. Expediente nº 17360/111  
Sentenza nº 190 do 20 de setembro de 2024  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

Abreviado: 161/2024

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados na bodega da vivenda por filtración de auga.

Expte(s): 6926/243

Contía: 943,60 €.

A sentenza desestima o recurso contra a desestimación por silencio da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados no trasteiro do edificio situado na rúa Teixugueiras 1 bloque 1, por non quedar demostrado pola parte actora que a causa dos danos sexa imputable a un defectuoso funcionamento do servizo público de saneamento ou pluviais o do mantemento do xardín imputable a Administración municipal.

A sentenza contra a que non cabe interposición de Recurso de apelación, non efectúa condena en costas en atención a falta de resolución expresa do Concello.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

6.- Contencioso. Expediente nº 17067/111

Sentenza nº 134 do 24 de xullo de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Abreviado: 73/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución de 16/01/2024 da Concelleira-delegada da Área de goberno de Seguridade, desestimatoria de recurso de reposición, ditada no expediente nº 2023/51423 (sanción por infracción de tráfico).

Expte(s): 315433/280

Contía: 100 €.

A sentenza firme desestima o recurso fronte a resolución desestimatoria do recurso presentado contra outra anterior resolución que impuxo una sanción de multa de 100 euros sin retirada de puntos, por circular con exceso de velocidade, e declara a conformidade a dereito da resolución municipal por considerar que o radar que detectou a infracción segundo acreditan os informes incorporados ao expediente utiliza a tecnoloxía efecto Doppler, non sendo necesaria unha segunda fotografía como alega o recorrente, e pese a alegación do carácter estandarizado das resolucións municipais sancionadoras nesta materia, o certo é que se atopan debidamente motivadas.

Non procede a imposición de costas polo cambio de criterio deste órgano xurisprudencia respecto desta cuestión.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Seguridade e de Recadación Executiva.

7.- Contencioso. Expediente nº 17395/111

Sentenza nº 180 do 13 de setembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

Abreviado: 148/2024

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 14/03/2024 desestimatoria do recurso de reposición formulado en expte. sancionador con imposición de multa e retirada de punto do permiso de conducir.

Expte(s): 318211/280



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

Contía: 500,00 €.

A sentenza desestima o recurso interposto contra a resolución desestimatoria dun recurso de reposición contra a resolución ditada no expediente sancionador en materia de tráfico que impuxo unha sanción de multa de 500 euros, con perda de 6 puntos, por circular con exceso de velocidade na estrada Campoamor, infracción detectada por un cinemómetro, sendo suficiente polas características do cinemómetro empregado unha única fotografía, que contén os datos esenciais para constituír título suficiente de imputación.

A sentenza, sen imposición de costas, non é susceptible de recurso de apelación.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Seguridade e de Recadación Executiva.

8.- Contencioso. Expediente nº 15947/111

Sentenza nº 158 do 2 de setembro de 2024

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo.

Ordinario: 172/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Acordo da XGL do Concello de Vigo de data 16/03/2023, desestimatorio do recurso de reposición formulado contra outro do 30/12/2022, de remisión de taxas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2023.

Expte(s): 3951/449

Contía: Indeterminada.

Sentenza pola que se desestima o RCA interposto por VITRASA contra o acordo da XGL, desestimatorio do recurso de reposición presentado contra dito acordo de 30 de decembro de 2022, de revisión de tarifas do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros para o ano 2023 (exp. 3951/449).

Os fundamentos desta desestimación son os seguintes: (1) a demandante como tope temporal, debía presentar a súa solicitude motivada de revisión tarifaria, antes do 31 de outubro; e debía facelo en atención ao número real de viaxeiros de pago transportados no período comprendido entre o 1 de outubro do exercicio anterior y o 30 de setembro do período en curso; (2) La actuación municipal é conforme a Dereito neste plano, porque se axusta tanto ao prego contractual, como ao acordo de 2009 que o complementa; (3) en relación á repercusión do factor da man de obra, o problema se presenta porque o Convenio laboral que contén a táboa salarial de referencia, se atopa vencido dende o ano 2020, e anque foi actualizado no ano 2023 non pode ser considerada pola actuación impugnada que data do 30 de decembro del 2022; á vista do laudo arbitral 1/22, emitido por Demetrio Ángel Fernández, o 5 de xullo do 2022, aportado como proba polo Concello de Vigo, recoñece a ultraactividad do último Convenio colectivo, de 2020, cos efectos propios do art. 86 ET, de maneira que as súas previsións se manteñen vixentes en tanto non se acorde un novo Convenio, polo que, se non houbo influencia da variación do IPC nas retribucións salariais, froito da imprevisión no Convenio cuxos efectos prorrogaron, en detrimento dos traballadores da concesionaria, tampouco hai razón para considerala a efectos da retribución desta mediante a súa repercusión na nova tarifa; (3) por último, en relación á pretensión da autora relativa á nova tarifa que pretende aplicar, a mesma non ten encaixe posible na literalidade do prego, que so contempla a posibilidade de aprobación de tarifas inferiores á ordinaria, pero non superiores.

Consta firmeza da sentenza mediante a DIL ORD de data 30 de setembro do 2024.

Con imposición de custas á demandante.

Darase traslado desta resolución ao servizo de transportes para o seu coñecemento.

9.- Contencioso

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª Casación.

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (SPEIS)

Contía: Indeterminada

Ref. Ase- soría Xu- rídica	TRIBUNAL SUPREMO		ORIXE: XC-A Nº 2 DE VIGO		
	Núm. Re- curso Ca- sación	Data Provi- dencia	Núm. Procedemento Ordinario	1ª sentenza	2ª sentenza
12955/111	4465/2023	18/09/2024	189/2020	172 de 30/08/2021	321 de 19/12/2022
12956/111	5428/2023	18/09/2024	190/2020	182 de 30/08/2021	312 de 09/12/2022
12961/111	4222/2023	18/09/2024	193/2020	179 de 30/08/2021	310 de 09/12/2022
12983/111	7299/2023	18/09/2024	211/2020	211 de 30/08/2021	171 de 13/07/2023
13034/111	4469/2023	18/09/2024	244/2020	189 de 30/08/2021	23 de 31/01/2023
13035/111	5932/2023	18/09/2024	239/2020	190 de 30/08/2021	156 de 20/06/2023
13286/111	4470/2023	18/09/2024	324/2020	174 de 30/08/2021	286 de 24/11/2022
13287/111	4642/2023	18/09/2024	328/2020	196 de 30/08/2021	129 de 25/05/2023
13289/111	4959/2023	18/09/2024	325/2020	198 de 30/08/2021	151 de 01/06/2023
13299/111	3979/2023	18/09/2024	336/2020	197 de 30/08/2021	298 de 09/12/2022

As resolucións que se están a comunicar, Providencias de inadmisión, non acollen os argumentos dos recursos de casación promovidos pola representación do Concello contra as sentenzas ditadas na instancia polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo.

Adquiren firmeza tanto a primeira como a segunda sentenza de instancia do Xulgado e son xa susceptibles de execución definitiva.

Todos os asuntos teñen como parte demandante a funcionarios do SPEIS do Concello de Vigo. A cuestión sometida á consideración da Sala para establecer doutrina era que o tempo de traballo prestado de modo efectivo polos funcionarios do Corpo de bombeiros, que non excedese da súa xornada legal, só poderían considerarse como gratificacións por servizos extraordinarios, e non percibirse como «gratificacións por exceso de horario» sen que se acreditase a efectiva superación da xornada. Único extremo que foi o recoñecido na instancia para os períodos concretos reclamados de cada actor.

Entende o resolto que existe unha insuficiencia de horario do demandante para prestar os seus servizos para responder á xornada de traballo establecida, o que obriga á administración a que continúe abonando gratificacións por exceso de xornada, que deberon extinguirse no momento no que se integrou no complemento específico tal exceso, pero que se continuaron abonando de modo irregular -así o cualifica literalmente-.

A Sala conclúe que tales abonos non son nin gratificacións, nin horas extraordinarias, senón que o que retribúen é un exceso de horario dentro da xornada anual.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

Atendendo ás apreciacións desta resolución, xa recollidas na sentenza de instancia, debe solucionarse a irregular percepción destas gratificacións, mediante as adaptacións de tipo organizativo que procedan.

A área de RRHH e formación, a área de Seguridade e o Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento deben coñecer do resolto.

### 10.- Contencioso

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Extensión de Efectos

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Extensión de efectos da sentenza ditada no Procedemento Ordinario nº 333/2020 (SPEIS).

EXPTE	N.º PEP	AUTO	
		Núm.	Data
17292/111	124/2024	94	17/09/2024
17334/111	122/2024	97	23/09/2024

Estes Autos que se comunican non son firmes, e estiman as solicitudes de extensión de efectos formuladas polos demandantes, con relación ao pronunciamento estimatorio da sentenza ditada no P.O. 333/2020, polo XCA nº 1 de Vigo.

Nos Autos se motiva que concorre a mesma situación, polo que procede a extensión de efectos. A reclamación presentada polo actor non tivo resposta na vía administrativa e resulta compatible a extensión de efectos co silencio, e coa opción do reclamante de non interpoñer un recurso de modo autónomo.

A condena é ao abono ao recorrente das diferencias que resulten por horas en exceso sobre a súa xornada ordinaria anual no período recollido na sentenza, condenando ao Concello ao abono das cantidades "que por tal concepto correspondan", sen indicar no Auto outras circunstancias adicionais expostas tanto polo Concello como pola parte actora, incrementados cos seus xuros.

A área de RRHH e formación e a de Seguridade deben coñecer do resolto.

### 11.- Contencioso. Expediente nº 14397/111

Sentenza nº 1464 do 18 de setembro de 2024.

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña.

Recurso de apelación: 175/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal.

Obxecto: XGL do 5-8-2021 (en reposición). Retribucións: complementos de festividade e nocturnidade (en I.T., vacacións ...) e cálculo das horas extraordinarias.

Expte(s): 38102/220 e 35363/220

Contía: Indeterminada.

Esta sentenza resolve e estima o recurso de casación promovido polo Concello de Vigo contra a sentenza do TSXG, sen imposición de custas. A sentenza é firme.

A resolución estima tamén o recurso de apelación interposto polo codemandado, atendendo ás dúas cuestións de interese casacional sobre as que se pronuncia. Un deles é con respecto ao prazo de prescrición dos créditos fronte ás administracións públicas locais, entendendo que tal prazo é de catro anos, e non de cinco como resolvera o TSXG.

A segunda das cuestións é a relativa ao dereito á percepción de retribucións pola prestación de servizos nocturnos ou festivos. Se se prestan fóra da xornada ordinaria de traballo por quendas non se integran na nómina como un concepto estable, e se retribuirán como plus ou gratificación, de modo que só se retribúen se se prestan, o que non alcanza ás vacacións, permisos, licencias ou situacións de incapacidade temporal.

Se o que acontece é que se dentro do réxime a quendas o servizo o ten que prestar en horario nocturno ou festivo, e forman parte esas horas nocturnas e festivas da súa xornada ordinaria, procede o abono, e isto é o que se unifica, casa e establece como doutrina. Pero sen recoñecer a estes conceptos unha identidade de seu como "complementos", como fixera o TSXG e se cuestionaba.

Este criterio, xa xeral, e especialmente incidente sobre o persoal que presta servizos mediante quendas, ten que terse en conta pola área de RRHH con carácter xeral dende este momento, e atender á súa extensión tamén ao persoal laboral municipal por atoparse a súa estrutura retributiva equiparada ao do persoal funcionario municipal.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

Procedemento orixe:

RCA nº PA XCA 286/2021 nº 2 de Vigo, sentenza nº 303 do 22/11/2021, desestimatoria, comunicada na sesión do 22/02/2022.

12.- Contencioso. Expediente nº 17077/111

Sentenza nº 623 do 18 de setembro de 2024

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña.

Recurso de apelación: 198/2024.

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal.

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo desestimatoria da solicitude de recoñecemento de grao persoal e completo de destino, durante o período desenvolvido como Xefe de Área de Servizos Xerais.

Expte(s): 42723-220

Contía: Indeterminada.

Sentenza do TSXG polo que se desestima o recurso de apelación interposto por traballador municipal contra a sentenza do XCA núm. 2 de Vigo, pola que se desestimaba o RCA interposto contra a resolución municipal que desestimaba a súa solicitude sobre recoñecemento de grao persoal e CD durante o período desenvolto no Concello como xefe de área de servizos xerais.

A sentenza do TSXG desestima a súa apelación confirmando os fundamentos da sentenza de instancia, indicando que o apelante recoñece que o seu posto de traballo foi provisto por medio de adscrición provisional polo que "La STS de 26/05/2022 dictada en el recurso 2687/2020 no varía el criterio de la anterior de 20/01/2003 en el recurso 6/2002, que fijó como doctrina legal que «la referencia del artículo 70.2 del Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, a "cualquiera





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

que sea el sistema de provisión" no incluye, a los efectos de la consolidación del grado personal, los puestos de trabajo obtenidos en virtud de adscripción provisional».

Se lle impoñen costas ao recorrente ata un máximo de 1000 euros.

Contra a mesma pode interpoñerse recurso de casación.

Darase traslado desta resolución ao servizo de RRHH para o seu coñecemento.

Procedemento orixe:

RCA nº 355/2023 PA XCA nº 2 de Vigo, sentenza nº 46 do 29/02/2024, desestimatoria, comunicada na sesión do 12-04-2024.

### B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 16860/111

Auto nº 0 do 11 de setembro de 2024

Xulgado do Social nº 2 de Vigo.

Modificación substancial das condicións laborais: 73/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: acoso laboral en solicitude de modificación das condicións de contrato e reclamación dunha indemnización de danos e perdas derivados da vulneración de dereitos fundamentais (axente Policía Local).

O auto do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, desestima os recursos de reposición interpostos polo recorrente contra o auto do 31 de xullo (polo que se estimaba a falta de xurisdición alegada polo Concello de Vigo) e providencia da mesma data relativa á inadmisión de desistimento parcial.

Contra dito auto cabe interpoñer recurso de suplicación.

A área de RRHH e a xefatura da Policía Local deben coñecer do resolto.

2.- Social. Expediente nº 16821/111

Sentenza nº 422 do 12 de setembro de 2024

Xulgado do Social nº 2 de Vigo.

Ordinario: 54/2024

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación de cantidades correspondentes a nocturnidade/festividade durante o período no que estivo en situación de baixa por IT.

Contía: 300,33 €.

Esta sentenza, firme por contía, desestima a demanda do actor, empregado municipal no Parque Central (dependente de Fomento), con relación as cantidades reclamadas.

O demandante presentou na vía administrativa reclamación previa de cantidades correspondentes a nocturnidade e festividade, non percibidas durante os períodos de incapacidade temporal, vacacións, permisos, etc.

O Xulgado motiva a desestimación da demanda en que non concorren as circunstancias de feito que comporta a aplicabilidade do criterio do TS -transcrito na sentenza-. Neste caso este traba-

llador non ten unhas quendas fixas nocturnas e festivas, xa que só de modo illado e segundo necesidades do servizo, cubre aos compañeiros durante os períodos nocturnos e festivos.

Ademais, non se acredita a habitualidade na percepción da nocturnidade e festividade por medio da súa percepción periódica nas nóminas.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

3.- Social. Expediente nº 16135/111

Decreto nº 455 do 12 de setembro de 2024

Xulgado do Social nº 3 de Vigo.

Ordinario: 386/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: reclamación en materia de cantidades (Técnico Servizo de Deportes).

Expte(s): 41398/220, 21040/333 e 05574/611

Contía: 19.312,77 €.

A resolución que se comunica acorda o desistimento do actor da súa demanda, conforme ao principio de disposición da acción.

O demandante reclamaba cantidades polas funcións realizadas de coordinador deportivo, diferenciadas das do seu posto de técnico do servizo de deportes.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

4.- Social. Expediente nº 17180/111

Decreto nº 441 do 19 de setembro de 2024

Xulgado do Social nº 4 de Vigo.

Conflicto colectivo: 396/2024

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: modificación substancial das condicións laborais dos traballadores do servizo de VigoZoo.

Decreto polo que se ten por desistida á parte demandante da súa demanda relativa á ausencia de negociación colectiva do novo horario de traballo das/os traballadoras/os de VigoZoo, e se acorda o sobresemento das actuacións e o arquivo dos autos.

A demanda formulouse en idénticos termos ante o XS núm 3 (CCO 384/2024), polo que o XS núm. 4, á vista do alegado polo Concello de Vigo, requiriu á parte demandante para que aclarase dita cuestión, con apercibimento expreso de que de non pronunciarse, se lle declararíase desistida. Ao non pronunciarse a parte demandante sobre a aclaración instada, resultou declarada desistida.

Contra este decreto cabe interpoñer recurso de revisión no prazo de tres días hábiles seguintes á súa notificación.

Darase traslado desta resolución ao servizo de RRHH e ao servizo de medio ambiente para o seu coñecemento.

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(895).- PROXECTO DE CONVENIO COA “FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DA “FESTA DO MAGOSTO 2024”. EXPTE. 83/1061.**

Visto o informe de fiscalización, de data 04/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/10/2024, asinado pola secretaria de Administración Municipal e conformado pola concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### I. Natureza do informe e DACI

Por resolución da concellería delegada de área, de 24.10.2024, designouse a esta funcionaria instrutora deste expediente e, en virtude de resolución da mesma concellería, de 13.09.2024, encomendouse a emisión de informes xurídicos nos expedientes tramitados no servizo de Comercio.

A asinante do informe declara a inexistencia de causa de abstención, así como, a ausencia de conflito de intereses.

### II. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións (RLXS), nos preceptos que teñen carácter básico consonte a disposición final primeira e segunda da LXS e a disposición final primeira do RLXS;
- Lexislación básica do Estado sobre réxime local: Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL);
- Lexislación de desenvolvemento da Comunidade Autónoma correspondente: na Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e DECRETO 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia;
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas;
- Demais normas de dereito administrativo (entre as cales debe entenderse incluída a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a lexislación orzamentaria);
- Orzamento xeral do Concello de Vigo 2024
- Plan Estratéxico de subvencións 2024-2026
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (RSCL) e Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF);
- As normas de dereito privado.

III. Obxecto do expediente consiste na concesión dunha subvención á entidade Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666) – entidade de carácter social - para a organización da Festa do Magosto 2024 por importe de 9.500,00 € prevista no orzamento do exercicio 2024.

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

Administración Local de Galicia dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan aos atribuídos á competencia local (....).

O artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia atribúe aos municipios competencia en materia de promoción da cultura.

O artigo 232. 1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais dispón que *“En la medida en que lo permitan los recursos presupuestados, el Ayuntamiento podrá subvencionar económicamente a las asociaciones para la defensa de los intereses generales o sectoriales de los vecinos, tanto por lo que se refiere a sus gastos generales como a las actividades que realicen”*.

Consta o Programa proposto pola Federación para o sábado 9 de novembro de 2024 na Praza do Berbés ca finalidade de manter unha festa tradicional como é o Magosto para a veciñanza da comarca.

Igualmente, consta Orzamento da actividade que ascende a 12.568,15 €; queda acreditado que o importe da subvención no supera o custe total da actividade subvencionada.

Enténdese por subvención, segundo o disposto no artigo 2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), pronunciándose o artigo 2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) en idénticos termos (toda disposición dineraria realizada por calquera dos suxeitos contemplados no artigo 3 desta lei, a favor de persoas públicas ou privadas), e que cumpra os seguintes requisitos:

1. Que a entrega se realice sen contraprestación directa das entidades beneficiarias.
2. Que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, ou a concorrencia dunha situación, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se tiveran establecido.
3. Que o proxecto, a acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

### IV. Expediente de subvención

#### 1. Requisitos para o outorgamento da subvención

Os artigos 9.4 da LXS e 6.4 da LSG establecen como requisitos previos de outorgamento de subvencións:

- A competencia do órgano concedente.
- A existencia de crédito adecuado e suficiente,
- A tramitación do correspondente procedemento de concesión,

- A fiscalización previa dos actos administrativos de contido económico,
- A aprobación do gasto polo órgano competente.

## **2. Requisitos para a obtención da condición de beneficiaria**

Á súa vez, o artigo 13 da LXS establece os requisitos e as prohibicións aos que suxeita a obtención de condición de persoa ou entidade beneficiaria de subvencións, debendo atenderse tamén ao artigo 10 da LSG.

Tamén o artigo 14.1.e) da LXS establece que con carácter previo á ditarse a proposta de resolución as persoas ou entidades beneficiarias deben atoparse ao corrente do cumprimento de obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, circunstancias que constan acreditadas no expediente.

## **3. Procedemento de concesión**

A subvención concederase de forma directa ao estar prevista nominativamente nos orzamentos e acreditarse razóns de interese público e social para súa concesión.

A Convenio proposto indica a interese do concello en preservar a cultura, folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da Festa do Magosto; así como en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste senso, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da cidade, primeiramente na Praza da Constitución e na actualizade na Praza do Berbés.

O convenio é o instrumento habitual par canalizar este tipo de subvencións (artigo 28 da LXS e artigo 26 da LSG) e neste constan os extremos indicados no artigo 37. 2 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia, en particular:

- a) Definición do obxecto da subvención e dos seus beneficiarios,
- b) Crédito orzamentario ao que se lle imputa o gasto e a contía da subvención, individualizada,
- c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
- d) Prazos e modos de pago da subvención.
- e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.
- f) Obrigación do reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- g) Obrigación do beneficiario de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O Convenio establece que antes da segunda quincena do mes de novembro, deberá xustificarse o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos cos requisitos indicados no artigo 48 do regulamento de Galicia.

O Plan Estratéxico de subvencións 2024-2026 do concello de Vigo inclúe entre as súas liñas estratéxicas a concesión de subvencións nominativas a eventos culturais relevantes así como a promoción e Convenios para desenvolvemento de festas especiais (apartado IX).

Máis especificamente, o Convenio de colaboración co Concello de Vigo para a organización das festas gastronómicas do magosto está previsto como unha liña estratéxica no referido Plan, prevendo 9.500,00 € como financiación para o exercicio 2024 e modalidade de concesión de subvención nominativa vía Convenio.

### V. Publicidade

Será necesaria a publicación da concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e a súa comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18.1 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### VI. Órgano competente

De conformidade co artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, como órgano competente para a xestión económica, a autorización e disposición de gastos, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto, nos termos previstos no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 31 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Do mesmo xeito, queda facultado o concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais para a formalización do convenio, ao amparo do acordo da Xunta de Goberno Local de 28.06.2024 e a resolución de alcaldía da mesma data.

En base ao anterior, e de conformidade co previsto no artigo 172 do Regulamento de organización e funcionamento das entidades locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, previa fiscalización da Intervención Xeral do Concello (artigos 9 da LXS e 6 da LGS e 214.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais), e acreditación da existencia de crédito adecuado e suficiente, infórmase favorablemente o Convenio entre o Concello de Vigo e a “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” para a organización da “Festa do Magosto 2024”, propondo á Xunta de Goberno Local, a adopción do presente ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio entre o Concello de Vigo e a “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo”, CIF G-36.704.666, para a organización da “Festa do Magosto 2024” outorgándolle unha subvención directa nominativa con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0013 á referida entidade (O Convenio consta no expediente asinado por esta funcionaria e o concelleiro delegado de área con data 28.10.2024).

SEGUNDO.- Aprobar e dispor o gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no Convenio, a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” con cargo á aplicación orzamentaria 3380.489.0013 (Convenio F.P.R. El Olivo-Magosto do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico).

TERCEIRO.- Notificar á “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo”.

CUARTO.- Ordear a publicación da concesión da subvención na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO (G-36.704.666) PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2024**

En Vigo, na data da sinatura dixital

### **REUNIDOS**

Dunha parte, don ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ, na súa calidade de CONCELEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS DO CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros/as de área do Concello de Vigo conforme Decreto de Alcaldía de data 21/06/2023, 28/06/2023 e modificación de data 28/06/2024.

Doutra, don Camilo Pais Martínez, (DNI 35.995.159-K) como presidente da Federación de Peñas recreativas de Vigo “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na rúa Otero Pedraio, nº 5 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 83/1061.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.- Os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión dunha subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do MAGOSTO 2024, que se desenvolverá os días 9 de novembro de 2024, dentro do programa de actividades do





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

Concello de Vigo, na praza do Berbés. A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

**II.-** O Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, veñen asinando dende o ano 1996 e de forma ininterrompida, convenios de colaboración para desenvolver a Festa do Magosto, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

**III.-** A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” ten entre outros fins, e segundo os seus estatutos, os de: organizar actividades educativas, culturais, deportivas e sociais diversas.

**IV.-** O Concello de Vigo, a través do Servizo de Festas Especiais, está interesado en preservar a cultura, folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da Festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da cidade, primeiramente na Praza da Constitución e na actualizade na Praza do Berbés.

**V.-** O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

**VI.-** O artigo 72 da Lei 7/1985 fai referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter sociocultural como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

**VII.-** Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente.

**VIII.** O Concello de Vigo no seu vixente presuposto, na aplicación orzamentaria 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe 9.500,00 € (nove mil cincocentos euros), a favor da Federación de Peñas Recreativas El Olivo para o desenvolvemento da Festa do Magosto 2024.

**IX.-** A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” non está incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións obxecto da Lei de Galicia 9/2007, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 83/1061.

En base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” e, o CONCELLO DE VIGO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar co Concello en canto ao desenvolvemento da Festa do Magosto 2024 que terá lugar na praza do Berbés o día 9 de novembro de 2024, en particular a:

1º. Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, seguro de responsabilidade civil así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización desta actividade.

4º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste expediente.

6º.-Distribuír o material publicitario editado con motivo das festas, entregado polo Concello.

7º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

CONCELLO copia da póliza e do recibo correspondente, nos días previos ao inicio da festa.

8º.- Deixar as zonas que se utilizan para a festa en perfectas condicións de limpeza e respectando a natureza do entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.

2º.- Achegar un total de cen carteis con motivo da festa, que entregará á entidade beneficiaria para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

3º.- Incluír esta actividade na campaña de publicidade que o Concello realice con motivo das actividades programadas para o ano 2024.

4º.- Conceder directamente a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo", unha subvención por importe de 9.500,00 € (nove mil cincocentos euros) co obxecto de coadxuvar ao financiamento da organización da Festa do Magosto 2024.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade estipulada no pacto segundo deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES09 2080 5077 9330 4001 6285 da entidade ABANCA, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o establecido no pacto noveno.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO”, está obrigado a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considérase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizada a subsanación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

**Noveno.-** A beneficiaria, unha vez rematada a actividade subvencionada e antes do mes da segunda quincena do mes de novembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- A presentación das facturas terá a consideración de gasto efectivamente realizado, sen que sexa preciso o pago das facturas con anterioridade á finalización do período de xustificación (artigo 29. 2 Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados

para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

**Décimo.-** No caso de que a Asociación se opoña expresamente a que o Concello comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o Concello recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas Especiais emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

**Décimo quinto.-** A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán o logotipo do Concello de Vigo e da Asociación, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas Especiais do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

**Décimo xesto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

**Décimo sétimo.-** O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2024 e non será prorrogábel.

**Décimo oitavo.-** O concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo noveno.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

**Vixésimo.-** Os datos persoais facilitados nos formularios son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das

competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento da cultura, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).

**Vixésimo primeiro.-** A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será libre e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria propondrá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ao público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade propondralle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

**Vixésimo segundo.-** En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

**Vixésimo terceiro.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; así como a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan dixitalmente o presente convenio,

### **4(896).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA. EXPTE. 53329/444.**

Visto o informe de fiscalización do 4/11/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 31/10/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria (53329-444)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria (53329-444)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 12 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

*"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do "SERVIZO PARA O MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECÁNICAS E DE ILUMINACIÓN PÚBLICA VIARIA DO CONCELLO DE VIGO".*

*Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polas Enxeñeiras Industriais e polo Xefe de Area de Servizos Xerais en data 27 de maio de 2024.*

*Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 01 de xullo de 2024.*

*Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de NOVE MILLÓNS NOVECENTOS SETENTA E OITO MIL CENTO OITENTA E TRES EUROS CON SESENTA E NOVE CÉNTIMOS (9.978.183,69 €) IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE DE UN MILLÓN SETECENTOS TRINTA E UN MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.731.750,89 €)*

*Tendo en conta que os servizos derivados deste contrato refírense a prestacións de tracto sucesivo que teñen na actualidade referencia económica nos créditos que se atopan regularmente no orzamento municipal no programa 1650, propónse que o financiamento deste contrato que ten como data prevista de inicio o 1 de xaneiro do ano 2025, se aplique na aplicación 1650.227.99.03 "CONTRATO MANT. ILUMINACIÓN, TÚNEIS, GALERÍA, FONTES", de acordo coas seguintes anualidades:*

Ano 1	Ano 2	Ano 3	Total
3.412.960,43 €	3.527.787,70 €	3.037.435,56 €	9.978.183,69 €

*Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

**Segundo.-** A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 14 de outubro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusións acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 27 de setembro de 2024, de COMPAÑÍA DE EFICIENCIA Y SERVICIOS INTEGRALES, SL, EDISON NEXT GOVERNMENT, SRL e á UTE SERVEO SERVICIOS, SAU - ALVAC, SA por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria (53329-444) na seguinte orde descendente:*

ORD EN	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	IMESAPI, SA	94,12
2º	UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, SA - ETRA, SA - ELEUKON GLOBAL, SL	93,30
3º	SOCIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, SA	92,34

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

*Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IMESAPI, SA, o día 16 de outubro de 2024, que presenta a documentación requirida o 23 de outubro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) no que figura a constitución da mercantil, o obxecto social e o apoderamento do seu representante.
- Declaración de vixencia dos datos que figuran no ROLECE.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (2.465.198,32 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo P, Subgrupo 1, Categoría 5) presentan a clasificación P-1-5.

- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (2.465.198,32 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa (Grupo P, Subgrupo 1, Categoría 5) presentan a clasificación P-1-5.
- Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Seguro de caución por un importe de 412.321,64 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da licitadora, o seu obxecto social e nomeamento do apoderado, así como os certificados positivos de débedas da AEAT, a TGSS e a ATRIGA.
- O certificado positivo de débedas do Concello de Vigo.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na presente sesión do 31 de outubro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IMESAPI, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IMESAPI, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 20 de setembro e 9 de outubro de 2024, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Primeiro.- Tomar razón da exclusións acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 27 de setembro de 2024, de COMPAÑÍA DE EFICIENCIA Y SERVICIOS INTEGRALES, SL, EDISON NEXT GOVERNMENT, SRL e á UTE SERVEO SERVICIOS, SAU - ALVAC, SA por non acadar o limiar mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A do Anexo I (FEC) do PCAP.*

*Segundo.- Adxudicar a IMESAPI, SA o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral das instalacións electromecánicas e de iluminación pública viaria (53329-444) cun prezo total do contrato de 9.343.163,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.621.540,69 euros e coas seguintes condicións:*

- a) *O prezo total para a parte fixa do contrato é de 8.349.106,56 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.449.018,49 euros.*
- b) *O prezo total para a parte variable do contrato é de 994.056,44 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 172.522,19 euros.*
- c) *A minoración dos porcentaxes dos “gastos xerais” e “beneficio industrial” fixados no PPTP (art 44) de aplicación os prezos unitarios para as actuacións programadas (anexo II do PPTP), os seguinte valores:*
  - *(BGG%): 10 % Unidades porcentuais para a minoración dos “Gastos Xerais” definido no PPTP (art 44) de aplicación os prezos unitarios do PPTP.*
  - *(BBI%): 6 % Unidades porcentuais para a minoración do “Beneficio Industrial” definido no PPTP (art 44) de aplicación os prezos unitarios do PPTP.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(897).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE APOIO Á CELEBRACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 23132/333.**

Visto o informe xurídico do 30/10/2024 e o informe de fiscalización do 31/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/10/2024, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de

Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Normativa de aplicación:**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**Antecedentes:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 26 de outubro de 2023.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.
- Certificado de retención de crédito, de data 21 de agosto de 2024 (documentos nº 12024000142052-RC e 12024000142053-RC\_FUT).
- Declaración do redactor do Prego de Prescricións Técnicas Particulares, de data 23 de agosto de 2024.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 23 de agosto de 2024
- Memoria xustificativa, de data 3 de setembro de 2024, relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).

-- Informe da Área de Contratación, asinado con data 4 de setembro do 2024, con indicación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.

- Memoria económica de data 11 de outubro de 2024, conformada polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que recolle:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Ao tratarse dun servizo no que o custo económico principal son custos laborais, consta que se consideraron os termos económicos dos convenios colectivos sectoriais, nacionais, autonómicos e provinciais aplicables (artigo 102.1 e 3 LCSP).
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de pagamento do prezo (artigo 67.2.ñ do RLCAP).

-- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, redactado polo Servizo de Contratación e asinado o 23 de outubro do 2024, pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

### Fundamentos de dereito:

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos

previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 nos concelleiros de Area.

**Segundo.-** Dado o obxecto, o tipo de contrato é de servizos (art. 17 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto (art.159 LCSP) e tramitación ordinaria.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local, na súa condición de órgano de contratación e no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

**PRIMEIRO.-** Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación para a produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”.

**SEGUNDO.-** Aprobar o Prego de Prescrición Técnicas Particulares, coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do servizo de produción técnica necesaria para a celebración de eventos deportivos vinculados co “Calendario de eventos deportivos da cidade de Vigo”, asinado con data 23.08.2024, polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo.

**TERCEIRO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado, con data 23.10.2024, pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

**CUARTO.-** Autorizar o gasto por importe máximo de **50.754,69€ sen IVE**, e un importe correspondente ao IVE (21%) de **10.658,48 €** o cal totaliza un importe de **61.413,17 €**, IVE incluído (21%). O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.2260901 “Organización de actividades deportivas”, que conta con crédito adecuado e suficiente e que terá a seguinte distribución por anualidades:

Anualidades	Importe sen IVE	IVE	Importe con IVE
2024	8.459,11 €	1.776,41 €	10.235,52 €
2025	42.295,58 €	8.882,07 €	51.177,65 €
Totais	50.754,69 €	10.658,48 €	61.413,17 €

**QUINTO.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista, na forma prevista na lexislación en vigor.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **6(898).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O MANTEMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 6814/611.**

Visto o informe xurídico do 25/10/2024 e o informe de fiscalización do 29/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/10/2024, asinado polo adxunto á Xefatura do Servizo de Deportes-director técnico, o xefe do Servizo de Deportes-director deportivo, o xefe do servizo de Administración Electrónica e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de

Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**Normativa de aplicación:**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

**Antecedentes:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), xunto coa resolución da concelleira delegada que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 1 de agosto de 2024.
- Este contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2024, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 29 de decembro de 2023 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 23 de agosto de 2024.
- Declaracións dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares de data 23 de de agosto de 2024.
- Memoria económica de data 14 de outubro de 2024, que recolle:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Certificados de retención de crédito de data 23 de de agosto de 2024 (operacións nº 12024000145252-RC e 12024000145253-RCFUT).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

- Memoria xustificativa de data 8 de outubro de 2024, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP) e, no seu caso, a xustificación do establecemento de limitacións aos licitadores (artigo 99.4 da LCSP).
  - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto. Atendendo ao seu valor estimado pode tramitarse polo procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (artigo 159.6 da LCSP).
  - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
  - Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
  - Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
  - Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).
  
- Informe da Área de Contratación, asinado con data 17 de outubro do 2024, con indicación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública.
  
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, asinado o 17 de outubro de 2024, redactado polo Servizo de Contratación.

### Fundamentos de dereito:

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iníciase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No Concello de Vigo esta competencia está delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 nos concelleiros de Área.

**Segundo.-** Dado o obxecto, o tipo de contrato é de servizos (art. 17 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada (art.159.6 LCSP).

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29

LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local, na súa condición de órgano de contratación e no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do “CONTRATO DE SERVICIOS PARA O MANTENIMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES”.

**SEGUNDO.-** Aprobar o Prego de Prescrición Técnicas Particulares, coa regulación dos aspectos técnicos sobre a execución do “CONTRATO DE SERVICIOS PARA O MANTENIMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES”, asinado con data 23.08.2024 polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes (responsable do contrato) e polo xefe do Servizo Administración Electrónica.

**TERCEIRO.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado, con data 17.10.2024, pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

**CUARTO.-** Autorizar o gasto por importe máximo de **49.841,76 € sen IVE**, e un importe correspondente ao IVE (21%) de **10.466,76 €** o cal totaliza un importe de **60.308,52 €**, IVE incluído (21%). O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3420.227.99.07



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

correspondente a “mantemento equipos e aplicacións informáticas”, que conta con crédito adecuado e suficiente e que terá a seguinte distribución por anualidades:

Período	Distribución en anualidades euros con IVE (parte fixa)	Distribución en anualidades euros con IVE (parte variable)	Distribución en anualidades euros con IVE parte fixa + parte variable, con IVE.	Dias	Meses
01/12/2024 31/12/2024	1.492,22 €		1.492,22 €	31	1
2025	17.906,69 €	2.196,15 €	20.102,84 €	365	12
2026	17.906,69 €	2.196,15 €	20.102,84 €	365	12
01/01/2027 30/11/2027	16.414,47 €	2.196,15 €	18.610,62 €	334	11
Total	53.720,07 €	6.588,45 €	60.308,52 €	1095	36

**QUINTO.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista, na forma prevista na lexislación en vigor.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(899).- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS. EXPTE. 44973/332.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/10/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, a través do seu Servizo de Educación, xestiona actualmente, mediante os correspondentes contratos administrativos de xestión, nove Escolas Infantís do primeiro ciclo de educación infantil (0-3 anos): Atalaia-Teis, Bembrive, Bouzas, Costeira-Saiáns, Mestres Goldar-Castrelos, Navia, Praza da Industria, Santa Cristina-Lavadores e Tomás Alonso.

O Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais establece no seu artigo 7, que todos os centros de servizos sociais deben dispoñer dunhas normas de funcionamento, visadas polo órgano competente en materia de autorización e inspección de servizos social da Xunta de Galicia, que garantan o respecto aos dereitos das persoas usuarias e establezan as condicións de prestación e desenvolvemento dos servizos.

No mesmo sentido o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, dispón no seu artigo 20.4 que os centros de

atención a infancia contarán cun regulamento de organización e funcionamento a disposición dos/das usuarios/as, debendo figurar unha copia nun lugar visible da entrada. Nel se recollerá como mínimo: a actividade desenvolta, normas de uso, dereitos dos/das usuarios/as, organización do persoal e tarifas aplicables.

O Servizo de Inspección de Familia e Menores elaborou un documento marco de normas de funcionamento para todas as escolas infantís informando a este concello que será o documento que sexa visado pola Inspección. Con base neste documento o Servizo de Educación elaborou as “Normas de Funcionamento (RRI) das escolas infantís municipais do Concello de Vigo”. Estas Normas teñen por obxecto establecer a organización e funcionamento das escolas infantís regulando o procedemento de ingreso, os obxectivos das escolas, dereitos e obrigas das persoas usuarias, os servizos que se ofertan, persoal traballador dos centros. Este documento foi remitido á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social e Xuventude en data 15 de outubro de 2024, para a súa validación e posterior aprobación pola Xunta de Goberno Local Municipal. O Servizo de Inspección de Familia e Menores, Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais visou as referidas normas en data 17 de outubro de 2024

Por outra parte, cómpre indicar que complementariamente ás referidas normas de funcionamento, a Xunta de Goberno Local aproba anualmente as normas para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais (0-3 anos) para cada curso escolar (para o curso 2024-2025 expte. 89019/332) nas que se regula o procedemento da convocatoria e o calendario de presentación de solicitudes e aprobación e publicación dos correspondentes listados para as Escolas Infantís Municipais para cada curso de acordo co calendario previsto

As competencias municipais en materia de educación son as recollidas no artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases del Réximen Local (LRBRL), que establece como competencia propia de los municipios:

*“n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.”*

A Lei 5/1997, de 22 de xulio, de Administración Local de Galicia, regula como competencias propias no apartado 2 do artigo 80:

*“ñ) A participación na programación da educación e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e mantemento dos centros docentes públicos, a intervención nos órganos de xestión dos centros docentes e a participación na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.*

*o) A execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.”*

Se ben as competencias das corporacións locais en materia de educación son as sinaladas no referido artigo 25.2 n) da lei 7/85, e 80.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, cómpre citar a disposición adicional cuarta da Lei do Parlamento de Galicia 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, relativa á asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

sociais, de acordo coa cal: «1. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da Administración local, continuarán sendo prestadas polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómica e das facendas locais previsto na mesma».

Pola súa parte a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, regula no seu artigo 1, letra p) que o sistema educativo español inspirase entre outros principios, na cooperación e colaboración das Administracións educativas coas corporacións locais na planificación e implementación da política educativa.

En consecuencia e unha vez incorporado o proxecto de Normas de Funcionamento das escolas infantís municipais do Concello de Vigo que se achega no expediente, elevase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### **PROPOSTA DE ACORDO**

Aprobar as “Normas de Funcionamento das escolas infantís municipais do Concello de Vigo” conforme ao texto que se xunta a esta proposta de acordo.

## **NORMAS DE FUNCIONAMENTO (RRI) DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VIGO.**

### **Capítulo I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.**

#### **Artigo 1º.**

Estas Normas de Funcionamento (Regulamento de Réxime Interior) teñen por obxecto establecer a organización e funcionamento das escolas infantís municipais do Concello de Vigo.

#### **Artigo 2º.**

Constitúe o ámbito de aplicación destas normas a escola infantil de atención a primeira infancia que se configura como equipamento diúrno dirixido a poboación infantil de 0 a 3 anos.

#### **Artigo 3º.**

Os centros de atención á primeira infancia, escolas infantís 0-3, cumpren unha función eminentemente educativa, proporcionando ás persoas usuarias unha atención integral sen distinción de raza, sexo, condición social ou económica, a través dun programa global que garanta o pleno desenvolvemento físico, intelectual, afectivo, social e moral dos nenos e nenas.

A escola infantil cooperará estreitamente cos proxenitores e coas persoas titoras coa fin de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e conseguir a mellor integración entre o centro e as familias.

## **Capítulo II. PROCEDEMENTO DE INGRESO.**

### **Artigo 4º.**

**Poderán solicitar praza na escola infantil os nenos/as con idades comprendidas entre os 0 e 3 anos. O ingreso na escola so se poderá realizar unha vez cumpridos os 3 meses.**

**No momento do seu ingreso, abríraselles un expediente persoal individual no que constarán, con carácter confidencial, os datos de filiación, sanitarios, enderezo e teléfono para avisos en casos de urxencia, así como cantas circunstancias aconsellen unha atención diferenciada.**

### **Artigo 5º. Procedemento de reserva de praza e de novo ingreso**

Os pais/nais, titores/as ou representantes legais das persoas usuarias, deben coñecer antes de formalizar a solicitude de reserva de praza / matrícula as Normas de Funcionamento da escola infantil. Cada unha das escolas facilitaralles, polos medios acordados, as citadas Normas visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.

O sistema de admisión respectará o principio de igualdade e non discriminación. No caso en que a documentación presentada sexa incorrecta ou insuficiente requirirase ás persoas solicitantes a súa emenda.

Así mesmo, facilitarase aos proxenitores, titores ou representantes legais dos nenos e nenas usuarios/as, un xustificante no que conste o número de inscrición da solicitude.

A Xunta de Goberno Local aproba anualmente a convocatoria que regula o procedemento de adxudicación de prazas e matrícula na Rede de Escolas Infantís Municipais.

#### **5.1. Adxudicación de prazas.**

As prazas adxudicaranse por esta orde:

##### **a) Renovación de praza**

Gozarán de preferencia para a adxudicación de praza os/as nenos/as matriculados/as no curso anterior sempre que reúnan os requisitos establecidos. A renovación realizarase no prazo establecido na convocatoria anual.

##### **b) Novo ingreso**

As/Os solicitantes de nova praza deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia dúas opcións como máximo no impreso de solicitude. No caso de marcar máis dunha escola, só poderá facerse na mesma quenda en todas elas.

As prazas serán adxudicadas seguindo esta orde de prioridades:

a) Os/as fillos/as do persoal que preste servizo na mesma escola infantil municipal.

b) Os/as solicitantes con irmán/á cunha praza renovada na mesma escola.

c) As prazas que queden vacantes adxudicaranse aos/ás solicitantes segundo a puntuación obtida por aplicación do baremo que figurará como Anexo na Convocatoria anual para a adxudicación de prazas. Esta puntuación determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante.

#### **5.2. Documentación.**

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (formulario oficial de solicitude), a seguinte documentación:





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

- a) Solicitud (Formulario de Renovación de Praza ou Formulario de Solicitud de Praza) cuberta polas familias na que conste o horario de asistencia que os pais/nais, titores/as e representantes legais solicitan.
- b) Fotocopia do Documento nacional de identidade (DNI) ou outro documento acreditativo da identidade da nai e do pai, ou dos titores/as ou representantes legais, segundo proceda.
- c) Fotocopia do libro de familia completo ou, no seu defecto, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- d) Vida laboral actualizada da nai e do pai, titor/a ou representantes legais.
- e) Autorización xeral para tratamento de audiovisuais, protección de datos, e todas as que se consideren oportunas asinadas polos pais/nais, titores/as e representantes legais do neno/a.
- f) De selo caso, informe médico do neno/a no que se reflectan as alerxias, intolerancias ou incidencias de calquera índole.
- g) Cartilla de vacinación actualizada segundo o calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación ou calquera outra documentación do SERGAS que así o acredite.
- h) Documento acreditativo do nacemento da nena ou neno.
- i) De selo caso, sentenza de demanda de divorcio ou documento que acredite quen ten a custodia do neno/a, réxime de visitas, horarios para a recollida etc.
- j) Todos aqueles outros datos/documentación que sexan oportunos incluír.

### 5.3. Avaliación das solicitudes.

A todas as solicitudes recibidas aplicaráselles un procedemento de valoración segundo o baremo de aplicación que figura no Anexo da Convocatoria anual de adxudicación de prazas e matrículas nas escolas infantís municipais 0-3, mediante o que se avaliarán os factores socioeconómicos, familiares e laborais da unidade familiar. A selección de solicitudes efectuarase en función da puntuación acadada.

## Capítulo III. OBXECTIVOS DA ESCOLA.

### Artigo 6º.

Son obxectivos específicos da escola:

- Promover e fomentar o desenvolvemento integral dos nenos/as e a aprendizaxe das habilidades cognitivas e creativas do neno/a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Facilitar o desenvolvemento de valores individuais e sociais básicos: cooperación, solidariedade, respecto, etc.
- Lograr un equilibrio afectivo satisfactorio desenvolvendo as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Respectar a singularidade e diversidade de cada neno/a.

- Posibilitar a integración progresiva dos nenos/as na cultura do seu medio. Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Crear un ambiente que favoreza o desenvolvemento individual e grupal nas actitudes e nas actividades diarias. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Facilitar a adquisición progresiva de hábitos de orde, limpeza e conservación dos materiais, facendo uso axeitado destes.
- Facilitar a integración dos nenos e nenas con necesidades específicas de apoio educativo
- Fomentar o uso responsable das tecnoloxías dixitais.
- Promover hábitos saudables e sustentables a partires das rutinas.
- Promover modelos positivos que favorezan a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, inclusión e convivencia e que ofrezan pautas de resolución pacífica e dialogada dos conflitos.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que promoven a igualdade de xénero.

Estes obxectivos serán desenvolvidos no Proxecto Educativo e na correspondente Proposta Pedagóxica da escola.

#### **Capítulo IV. HORARIO DE FUNCIONAMENTO DA ESCOLA.**

##### **Artigo 7º.**

Cada centro abrirá durante un mínimo de oito horas diarias en xornada partida ou continuada, cinco días á semana de luns a venres e doce meses ao ano no caso de que proceda.

O curso escolar abrangue dende o mes de setembro ao mes de xullo, ambos incluídos e dará comezo os primeiros días de setembro, a data concreta fixarase na convocatoria anual para a adxudicación de prazas.

Non obstante, respectando estes mínimos, as escolas poderán determinar o seu calendario e horarios de apertura e peche ao público en función da demanda existente.

- As escolas poden pechar :

- O mes de agosto, motivado pola escasa demanda e co fin de levar a cabo as tarefas de mantemento, reparacións e limpeza xeral dos centros.
- Os días festivos establecidos no calendario laboral así declarados pola Xunta de Galicia, e as festas laborais de carácter local publicadas por resolución da antedita consellería., e os días 24 e 31 de decembro.
- O día 5 de xaneiro a escola pechará ás 16:00 h.

As persoas usuarias serán informados/as ao respecto no momento en que leven a cabo o trámite tanto de reserva de praza como de matriculación.

Faráselles entrega das Normas de Funcionamento visadas polo servizo de inspección e, así mesmo, ditas Normas atoparanse a súa disposición no taboleiro do centro e na páxina web do concello: <https://escolas.vigo.org>

No mes de xullo todas as familias serán convocadas a unha reunión informativa, na que se tomará entre outros acordos, o de peche no mes de agosto (se procede). De haber calquera discrepancia ao respecto, por parte de polo menos un 15 % das persoas usuarias totais, poderá



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

abrir unha das escolas só a primeira quincena do mes de agosto, sempre e cando se xustifique documentalmentemente con base en motivos laborais ou de saúde a necesidade de facer uso do servizo. Neste caso, o horario de apertura sería das 7.30 h ás 15.30 h.

De producirse algún cambio ao respecto, será comunicado ao Servizo de Inspección.

As causas dos peches estarán acreditadas mediante documentos asinados polo/a representante legal ou o técnico/a competente.

O horario de apertura e peche deberá figurar no taboleiro de anuncios de cada centro e no RUEPSS.

En todo caso, neste Centro será de aplicación a normativa e a lexislación vixente que afecte a todas as escolas infantís 0-3 anos.

### **Capítulo V. HORARIOS DE PERMANENCIA DOS/AS NENOS/AS.**

#### **Artigo 8º.**

O horario máximo de permanencia dos nenos/as no centro será, con carácter xeral, de oito horas diarias, agás causas excepcionais xustificadas nas que poderá ampliar o dito horario.

Dentro deste horario de funcionamento, fíxase unha permanencia do alumnado na escola de un mínimo de 4 horas.

A dirección da escola establecerá e comunicará ás familias os horarios de entrega e recollida do alumnado.

Non serán permitidas alteracións sistemáticas no horario de entrada e saída dos/as nenos e nenas.

#### **Horarios especiais**

En circunstancias excepcionais, debidamente acreditadas, o horario poderase ampliar ou reducir, trala correspondente solicitude e valoración técnica das circunstancias das e dos menores (realizada polo centro en base aos seus criterios organizativos de funcionamento), mediante Resolución do/a concelleiro/a de Educación do Concello de Vigo.

#### **Artigo 9º. Entradas e Saídas.**

a) O horario de entrada-saída dos nenos/as nos centros débese caracterizar pola flexibilidade que requiran as necesidades da familia, sempre que non leve consigo alteración das actividades dos demais nenos/as e do normal funcionamento do centro. Non obstante, unha vez acordados co centro os horarios de entrada e saída dos nenos/as, as familias procurarán respectalos. En caso de atrasos inxustificadas e reiterados, a dirección do centro está obrigada a adoptar as medidas oportunas poñéndoo en coñecemento das familias.

b) As familias e/ou representantes legais recollerán aos nenos e nenas ao remate da xornada. Nos casos nos que estes autoricen á dirección do centro para entrega-lo neno/a a outra persoa, esta deberá ser debidamente identificada.

c) No caso de que a escola realice algunha saída educativa do centro, será avisada por escrito e con antelación a todos os pais e nais, titores/as e representantes legais que deberán dar o seu consentimento, no caso de que non consintan a saída o neno/a quedará na escola co resto do persoal. Se as saídas son por grupos e no caso de que sexa unha saída conxunta, non poderán asistir á escola nesa data, xa que a escola permanecerá pechada.

### **Artigo 10º.**

A programación diaria de actividades terá a natural flexibilidade que esixan as características psicopedagógicas e sociais dos nenos/as.

A programación destas actividades, concretaranse nos Proxectos educativos de Centro e a súa correspondente Proposta Pedagóxica.

## **Capítulo VI. REFERENTE ÁS FAMILIAS.**

### **Artigo 11º. Dereitos e obrigas dos/das pais/nais, titores/as e representantes legais.**

#### **Dereitos**

- Ser informados/as, regularmente, da situación do/a neno/a na escola: desenvolvemento evolutivo, actitude, progresos...
- Solicitar ampliación de dita información en titorías e reunións co/a educador/a e director/a.
- Realizar unha visita ás instalacións e entrevistas persoais antes do comezo do curso.
- Coñecer o funcionamento da escola e o modo en que se formula o Proxecto Educativo do centro coa súa correspondente Proposta Pedagóxica antes da formalización da matrícula.
- Ser informados daqueles sucesos que afecten a marcha ordinaria do funcionamento e das medidas adoptadas.
- Dispoñer das Normas de Funcionamento do centro visadas con carácter previo á realizar a reserva de praza/matrícula.
- Interpoñer queixas e reclamacións.
- Ser informado/a polo centro, de forma inmediata, de calquera accidente ou calquera circunstancia relevante.

#### **Deberes/ obrigas**

- Informar en todo momento da situación persoal do neno/a no referente ao seu proceso educativo na casa e no seu entorno: gustos, aversión, cambios na situación familiar ou médica...etc.
- Ser puntuais na hora da traída e recollida do neno/a.
- Cumprir os horarios de asistencia solicitados.
- Ser puntuais no referente á contribución de material solicitado pola escola, á devolución de notas e enquisas enviadas pola mesma.
- Ser puntuais nas notificacións das baixas e cambios de horario.
- Colaborar na medida do posible nas actividades da escola, que serán o eixo da relación familia-escola.
- Cooperar dende a súa posición de responsables da educación dos/as nenos/as no proceso educativo.
- Avisar á escola do cambio de persoas encargadas de recoller ao neno/a na escola..



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

- Respetar o Proxecto Educativo do Centro e a súa Proposta Pedagóxica, así como as Normas de Funcionamento visadas polo Servizo de Inspección de Familia e Menores.
- **Non levar ás nenas e nenos á escola cando non estean en condicións idóneas (procesos víricos, febre, ou calquera outra circunstancia...)**

### **Artigo 12º. Participación e relación cos pais e nais, titores/as e representantes legais.**

Para garantir a axeitada participación das familias serán de aplicación xeral as seguintes normas sobre a participación activa:

1. Fomento da relación estreita entre familia e a escola xa que a educación nesta etapa enténdese como un proceso compartido.

2. A coordinación e o coñecemento da vida na escola verase facilitado por:

- Entrevista inicial cos pais e nais, titores/as e/ou representantes legais co/a director/a e o/a educador/a correspondente da cal deixárase constancia no expediente individual.
- Contactos diarios co/a educador/a..
- Participación en actividades : celebracións de festas, saídas da escola...
- Colaboración na preparación de festas, celebracións, excursións...

A relación cos pais/nais, titores/as ou representantes legais, que deberá ser en todo caso fomentada pola dirección do centro, ten como principais obxectivos:

- O intercambio de Información.
- Participación na vida da escola.
- Compartir pareceres sobre incidentes, preocupacións, ilusións, actividades, etc.

A escola poñerá en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais de cada neno/a unha información sobre a súa evolución integral que terá como mínimo carácter trimestral e que se realizará a través de Informes evolutivos das áreas establecidas de acordo a normativa vixente que establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

As visitas dos pais/nais, titores/as ou representantes legais dos nenos/as realizaranse de conformidade co horario establecido pola dirección para tal fin, logo de ser oído ao equipo técnico educativo, sempre e cando non dificulte a boa marcha do centro.

A escola infantil debe planificar o período de adaptación, tendo en conta que o neno ou nena racha co lazo afectivo coa figura de apego. O seu desenvolvemento a todos os niveis vai depender de como asimile este proceso. Por tanto debe ser planificado coas familias xa que van entrar nun lugar desconocido con novas persoas e pasan de ser o centro de atención a un máis entre outros iguais.

### **Artigo 13º. Instrumentos de información para as familias.**

A través da comunicación no, día a día, nos momentos de entrada ou recollida das nenas ou nenos.

Todas as familias serán informadas do período de adaptación.

Recoméndase que , con carácter xeral, se celebren as seguintes reunións:

- Reunións xerais, coincidindo co inicio e co remate do curso.
- Reunións de grupo para realizar unha en cada semestre.

En todo caso, a dirección do centro informará por escrito ao principio do curso dos horarios de atención e información aos pais/nais, titores/as ou representantes legais dos nenos e nenas.

A escola conta con protocolo de adaptación que será facilitado ás familias. Todas as familias serán informadas do período de adaptación.

#### **Artigo 14º. Asociación de Pais e Nais.- ANPAs.**

A asociación de pais e nais é o órgano de participación na vida do centro. A súa constitución e funcionamento fomentárase por parte da dirección.

Sen prexuízo do que establezan os seus propios estatutos, a asociación promoverá os seguintes fins:

- a) Defender os dereitos dos pais/nais, titores/as ou representantes legais no relativo á prestación de servizos aos nenos/as.
- b) Colaborar coa dirección e co persoal do centro para favorecer o desenvolvemento integral da poboación atendida en todo canto supoña unha mellora da calidade na prestación dos servizos.

### **Capítulo VII. SERVIZOS QUE SE OFERTAN.**

#### **Artigo 15º. Servizos básicos.**

##### **1. Atención Educativa.**

A escola infantil conta cun Proxecto educativo de Centro.- PEC propio que se axusta na súa estrutura ao Decreto 150/2022, de 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 95/2022 e as ensinanzas mínimas da educación infantil. Dito proxecto está a disposición das familias e autoridades competentes para a súa consulta.

A escola infantil atenderá a todas as facetas relativas ao desenvolvemento afectivo, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e linguaxe, ás pautas elementais de convivencia e relación social, así como ao descubrimento das características físicas e sociais do entorno no que viven os nenos/as.

A Escola infantil facilitará o desenvolvemento educativo do alumnado, garantindo a súa formación integral, e contribuíndo ao pleno desenvolvemento da súa personalidade

##### **2. Servizo de orientación. Gabinete psicopedagóxico.**

A escola conta cun Equipo de Atención Temperá, nos termos contidos nos pregos técnicos e administrativos que regulan o contrato de servizos que corresponda.

##### **3. Servizo de comedor.**

A escola conta con cociña propia.

Os menús son supervisados por un/unha Técnico/a en Dietética e Nutrición do Servizo Nutricionista contratado pola empresa xestora e estarán expostos no taboleiro de anuncios cunha semana de antelación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

As familias disporán dunha relación mensual dos menús previstos.

A escola conta cos seguintes horarios para este servizo:

Almorzo: de 07,30 h. a 08,00 h.

Comida: de 11,30 h. a 13,30 h

Nos supostos de nenas/os con intolerancias alimenticias, será preciso que a familia presente informe médico coas recomendacións dos alimentos que lle estean ou non permitidos.

O servizo de comedor estará dispoñible para todos os nenos e nenas da escola que o contrataran.

Os nenos e nenas usuarios/as fixos de comedor e merenda que no vaian a utilizar o servizo deberán avisar, con antelación suficiente.

No caso de necesitar este servizo días soltos, solicitarase antes do día que se necesita.

O servizo de comedor é gratuíto para todo o alumnado.

### **4. Horario ampliado.**

Enténdese por horario amplo a atención os nenos e nenas por parte do centro polo menos durante 10 horas diarias ininterrompidas. Non obstante, evitarase que o/a neno/a prolongue a súa estancia no centro máis de 8 horas diarias, agás que circunstancias excepcionais, que deberán en todo caso quedar debidamente xustificadas documentalmentemente no expediente. Se algunha familia utiliza, por causas xustificadas, un horario ampliado, aboará o importe mensual establecido. (Este servizo nas EEIIMM é gratuíto)

### **5. Actividades extras e actividades complementarias**

Todas as actividades complementarias das escolas infantís son desenvolvidas transversais ao Currículo educativo.

As escolas non ofertan actividades extraescolares.

## **Artigo 16°. Normas de saúde, hixiene, vestuario e nutrición.**

### **1. Normas de saúde.**

1. Os nenos/as deberán acudir ao centro en condicións correctas de saúde e hixiene.
2. No casos da aparición de enfermidades infecto-contaxiosas durante a súa asistencia ao centro deberá ser comunicada polos pais/nais, titores/as ou representantes legais á dirección deste.
3. No caso de observarse síntomas dun proceso infecto-contaxioso nos nenos/as no propio centro, informarase á dirección deste, e avisaranse os seus pais/nais, representantes legais ou titores/as, co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais nenos e nenas. O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio.
4. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións *in situ* e á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento dos pais/nais, titores/as ou representantes legais do neno/a e, se é o caso, procurarase que o neno ou nena reciba a atención médica axeitada.

5. Cando se produza a falta de asistencia ao centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, os pais/nais, titores/as ou representantes legais deberán comunicar este feito á dirección do centro.

6. Nos casos en que se deban administrar medicinas os nenos e nenas ( porque supón un risco para saúde), deberán ir acompañadas da receita médica, actualizada á data do tratamento, na que constará o nome do neno/a, o nome do medicamento, forma, dose e periodicidade na administración. Non se lles administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos proxenitores, titores/as ou representantes legais indicando as horas de administración da dose correspondente.

Evitarase, con carácter xeral, a administración de medicamentos no centro. As familias procurarán axustar a administración dos medicamentos nas horas que os nenos/as permanezan na súa casa, sempre que o tratamento o permita.

7. Con carácter xeral atenderase o disposto nas Guías de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. así como nos boletíns epidemiolóxicos nos que se fan actualizacións das recomendacións para a exclusión de escolas.

## **2. Normas de hixiene persoa.**

Todos os nenos e nenas asistirán en óptimas condicións hixiénicas.

## **3. Normas de vestiario.**

1. A roupa e o calzado debe ser cómodo evitando no posible botóns, peches ou tirantes. Débense descartar os modelos tipo buzo.
2. Por motivos de seguridade os/as nenos/as non poderán traer obxectos como pulseiras, medallas, cadeas. Evitáranse ademais os lazos, horquillas, pinzas, gomas e outros que poidan ser perigosos.

## **4. Normas de alimentación.**

1. A escola publica no taboleiro de anuncios e/ou facilita as familias, unha relación semanal, mensual o por tempadas dos menús previstos, os cales procurarán proporcionar unha dieta sa, equilibrada e axeitada para os distintos grupos de idade. Informarase de calquera modificación nos mesmos.
2. A escola prestará un especial coidado en atende-los casos nos que o neno/a, en razón das súas circunstancias persoais, deba recibir alimentos de forma ou en horarios específicos, sen prexuízo de que estes deban ser facilitados pola familia.
3. Os menús serán supervisados por técnico/a en Dietética e Nutrición ou especialista competente e expostos no taboleiro de anuncios cunha antelación semanal.
4. Respetaranse os horarios establecidos para as comidas.

## **Artigo 17º. Uso das dependencias e do material.**

- Todo o material será coidado para o posterior desfrute dos demais.
- As aulas deberán ser respectadas como ambiente educativo, polo que terán a obriga de permanecer ordenadas, limpas e estruturadas.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

### **Capítulo VIII. PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN E DA IGUALDADE ENTRE NENOS E NENAS.**

#### **Artigo 18º. Integración do alumnado con NEAE.- Necesidades Específicas de Apoio Educativo.**

A escola promoverá, dentro das súas posibilidades, a integración dos nenos/as con necesidades educativas especiais ou outras necesidades educativas por dificultades específicas de aprendizaxe.- DEA, sempre e cando contén cos recursos materiais e humanos necesarios.

Nestes casos requirirase o informe previo dos equipos de Valoración e Orientación sobre o grao de discapacidade e a súa necesidade de integración.

A efectos da orde de gratuidade, considerase que as nenas e nenos con NEAE ocupan dúas prazas. Neste caso, a axuda que resulte multiplicarase por dous.

#### **Artigo 19º. Fomento da Igualdade entre nenos e nenas.**

1. A escola é o principal axente educativo da infancia e a xuventude. Nela non só se aprenden coñecementos senón que tamén se adquiren actitudes, valores e normas de comportamento .
2. Na escola, a educación non sexista implica a participación non só do profesorado senón tamén da familia e a sociedade en xeral.
3. A escola programará actividades para promover a igualdade entre os nenos e nenas evitando os comportamentos discriminatorios por razón de sexo. As ditas actividades reflectiranse nos proxectos educativos e curriculares.
4. Estará presente na aula unha oferta de materiais de diferente tipo e coidarase dun xeito especial os materiais continuos, os inespecíficos e os elementos do medio natural e sociocultural que favorezan a relación coa identidade e creen ambientes significativos.
5. Deberase ter en conta o coidado na selección e emprego dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.
6. Promover o achegamento do alumnado ao coñecemento dos elementos identitarios da cultura propia e tamén das outras, desde unha perspectiva aberta, crítica e ilustradora, que potencia en todo momento actitudes de respecto e aprecio.

### **Capítulo IX . A LINGUA.**

#### **Artigo 20º.**

Os documentos oficiais da escola entregaranse en galego, ou castelán a demanda das persoas solicitantes.

Na etapa de educación infantil o persoal educador empregará na aula as dúas linguas cooficiais , fomentando a participación en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas . As palabras e o vocabulario propio de cada unha das linguas cooficiais actuarán como nexos de unión desde o que enriquecer a bagaxe cultural e desenvolver a sensibilidade e a creatividade, de xeito que se lle ofrece á infancia, simultaneamente, a chave de acceso a unha cidadanía crítica, solidaria, igualitaria e comprometida coa sociedade.

## **Capítulo X. PERSOAL.**

### **Artigo 21º.**

**A escola cumprirá en todo momento as rateos de persoal establecidas na normativa de aplicación.**

### **Artigo 22º.**

Recomendase a constitución dun equipo técnico configurado como un grupo de traballo a través do cal o persoal de atención directa a nenos/as participa do proxecto integral do centro. Este equipo estará integrado polo/a director/a, que actuará como coordinador/a, e polo persoal de atención directa a nenos/as.

### **Artigo 23º.**

- 1 **O persoal de atención directa** a nenos/as será o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo.
- 2 **O persoal de apoio** á atención e coidado dos/das nenos/as o que estando en posesión da titulación ou habilitación correspondente realice funcións que segundo a súa categoría profesional se establezan no correspondente convenio colectivo.

### **Artigo 24º.**

As escolas ofrecen servizo de comedor propio polo que dispoñen do persoal necesario para o desenvolvemento das funcións propias deste servizo segundo a súa categoría profesional e se establezan no correspondente convenio colectivo.

## **Capítulo XI. RÉXIME DE COBRAMENTO.**

### **Artigo 25º.**

As escolas infantís municipais están acollidas ás axudas para o fomento da gratuidade da atención educativa.

Se non se produce a incorporación no mes de setembro, data do inicio do curso, dun neno/a, agás causas xustificadas, perderá a praza.

A non asistencia á escola infantil 0-3 durante un período de 5 días sen xustificar dará lugar á baixa do/a alumno/a no programa da gratuidade.

Todos os servizos que se prestan nas escolas infantís municipais son gratuítos (atención educativa, comedor e servizo de orientación)

A escola esta a aplicar un réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Política Social. (Ordenanza fiscal do Concello de Vigo reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil)

### **Artigo 26º. Réxime de reserva de praza para o caso de ausencias / vacacións**

No caso de vacacións ou ausencias, debidamente xustificadas, o Centro reservará a praza do/a alumno/a.

A bonificación refírese ao 100% do prezo correspondente á atención educativa que segundo a renda per cápita da unidade familiar correspondería pagar ás persoas obrigadas



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

(Ordenanza fiscal do Concello de Vigo reguladora das taxas pola prestación do servizo das escolas de primeira etapa de educación infantil) , excluído o mes de vacacións do neno ou nena.

As familias poden escoller libremente o período de gozo das vacacións, preferentemente nos meses de verán.

### **Capítulo XII. MEDIDAS DE SEGURIDADE E HIXIENE.**

#### **Artigo 27º.**

##### **1. Medidas de seguridade e hixiene**

A escola conta coas seguintes medidas de seguridade e hixiene en todas as súas instalacións:

- Técnico en riscos laborais encargado de implantar as medidas de emerxencia no centro.
- Medidas anti-incendios.
- Medidas de protección para evitar golpes e outras lesións nos nenos e nenas, tales como as cantoneiras e os antipilladedos.
- Caixa de primeiros auxilios para a asistencia inmediata, encargándose do seu mantemento o persoal responsable do centro.

##### **2. Persoal**

- Os traballadores/as, contan con coñecementos acreditados de prevención de riscos laborais e de primeiros auxilios.
- O persoal do centro manterá una actitude activa e vixiante dirixida a prevención de incidentes e ao control e conservación dos espazos, material, ferramentas, e obxectos perigosos e instalacións.
- Todo o persoal que realice funcións de atención e coidado dos/das nenos/as deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual someterase a un recoñecemento médico. Será igualmente preceptiva a vacinación do persoal contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os 3 meses seguintes á vacinación.
- Todo o persoal de atención e coidado ten coñecementos básicos en primeiros auxilios.
- O persoal que manipule alimentos está en posesión do carné de manipulador segundo a normativa vixente.
- Todo o persoal do centro que teña contacto habitual cos/coas nenos e nenas conta cun Certificado Negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e Trata de Persoas.

### **Capítulo XIII. LIBRO DE RECLAMACIÓNS.**

#### **Artigo 28º.**

A escola infantil dispón dun libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias. O procedemento para a tramitación está recollido na Orde do 12 de xaneiro de 2021 pola que se regula a presentación e a comunicación das reclamacións en materia de servizos sociais (códigos de procedemento BS105A e BS105B).

A Subdirección xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais fai un seguimento continuo dos centros e programas a través das oportunas inspeccións co obxecto de comprobar o cumprimento dos requisitos legais esixibles a calidade educativa e asistencial procurando a mellora continua na prestación dos servizos, segundo o establecido nos artigos 75 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 49 do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia.

#### **Capítulo XIV. SISTEMA DE REVISIÓN DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO.**

Estas Normas de Funcionamento entrarán en vigor ao día seguinte do seu visado. Serán expostas publicamente no taboleiro de anuncios do centro e estarán dispoñibles no apartado de autorizacións do RUEPSS.

Calquera instrución ditada pola escola non pode ser contraria ás presentes Normas de Funcionamento visadas polo servizo de inspección de Familia e Menores.

As presentes Normas de Funcionamento derrogan as visadas anteriormente.

#### **Capítulo XV. NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

- Decreto 245/2003, de 24 de abril, polo que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís.
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos programas e dos centros de servizos sociais.
- Lei 17/2011, de 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos de centros que impartan as ensinanzas do primeiro e segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria.
- Real Decreto 476/2013, de 21 de xuño polo que se regulan las condiciones de cualificación y formación que deben posuír os mestres dos centros privados de Educación Infantil y de Educación Primaria, Art. 2.2.. (BOE núm. 167, de 13 de xullo).
- Real Decreto 95/ 2022 de 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.
- Decreto 150/2022 de 8 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ordes anuais polas que se regulan as axudas as escolas infantís.
- DECRETO 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das EI e a súa actualización de prezos segundo *Resolución de 10 de maio de 2017 pola que se actualizan os prezos das escolas infantís.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

- DECRETO 148/2014, de 6 de novembro, polo que se modifica o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento
- Ordenanzas fiscais do Concello de Vigo.
- Instrucións ditadas polos órganos competentes da consellería competente en materia de servizos sociais.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(900).- MODIFICACIÓN DO OUTORGAMENTO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2024 POLO CAMBIO DE DENOMINACIÓN SOCIETARIA DE BENEFICIARIA DE SUBVENCIÓN. EXPTE. 20753/77.**

Visto o informe de fiscalización do 04/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 31/10/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Antecedentes:**

- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 5 de abril de 2024, aprobou as Bases Reguladoras e Convocatoria das **AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2024**, EXPTE. 20753/77.
- As ditas bases se publicaron no BOPPO núm. 72, do 12.04.2024 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS no BOPPO núm. 78 do 22.04.2024 así como na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrencia de solicitudes dende o día seguinte á súa publicación no BOP ata o 14/07/2024 (do 23.04.2024 ao 14.07.2024), da que resultou a presentación de noventa e cinco (95) solicitudes.
- As bases da convocatoria das Axudas Municipais á Contratación establecen unha asignación orzamentaria por unha contía total de 235.000,00 € (douscentos trinta e cinco mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700006 "Axudas á Contratación" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo.
- A Quinta Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas (Resolución de Alcaldía de delegación de competencias do 28/06/2024), con data do 10/09/2024 resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base 8ª, apartado 8.2, que se reuniu na data do 17/09/2024 segundo consta na acta incorporada ao expediente, tendo formulado a correspondente proposta de resolución para adopción de acordo pola Xunta de Goberno Local, previa fiscalización do expediente.
- A Comisión de valoración procedeu a avaliación das solicitudes presentadas nos termos do disposto na Base 8ª. *Procedemento de concesión das axudas, órganos competentes para a instrución e resolución e criterios obxectivos de adxudicación* deixando constancia do resultado da avaliación debidamente motivada na acta do 17/09/2024 e na acta do 11/10/2024.

De conformidade coa base 8.1, ordenouse cada solicitude segundo a orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo e a súa orde segundo o programa de axudas solicitado; verificouse o cumprimento dos requisitos contidos nas bases reguladoras e convocatoria e, de conformidade coa base 4ª, apartados a.2. b.2 e c.2 *Tipos e contías da axuda*, se calcularon os importes a subvencionar para cada solicitante ata esgotar a cantidade asignada a cada programa de axudas, e a cantidade máxima autorizada de 235.000,00€, contendo ademais a motivación do rexeitamento e desestimación das restantes solicitudes das distintas modalidades de axuda. A Comisión de valoración propón á solicitante do programa indefinidos VASCO GALLEGA SOCIEDAD DE CARTERA SL co NIF B27716406 (expte. 20868/77) a contía de 2.300,00€.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 18/10/2024 acordou, entre outras, conceder a axuda seguinte:

1. PROGRAMA INDEFINIDOS: INCENTIVOS PARA A TRANSFORMACIÓN DE CONTRATOS TEMPORAIS EN INDEFINIDOS:

Ord Prg	Expte.	Solicitante	NIF	Prog . Soli c.	Nº traball adores	Transfmc. contrato	Incremento colectivo				Incrém. Dimens. empresa	Xorn. laboral	Axuda proposta	Axuda a conceder
							Idade	Disc	Muller	VVD				
22	20868/77	VASCO GALLEGA SOCIEDAD DE CARTERA SL	B27716406	Indef	1	2.000,00 €	300,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	100%	2.300,00 €	2.300,00 €

- Conforme á base 12.2 Publicidade das subvencións concedidas na data do 18.10.2024 publicouse o acordo de resolución do outorgamento adoptado pola Xunta de Goberno Local na páxina web municipal, no Taboleiro de Editos e no portal de transparencia; asemade, con data do 21.10.2024 e rexistro de saída número 157370-2024-1 infórmase da concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.
- Con data do 22.10.2024 e número de documento 240329827 a beneficiaria da axuda VASCO GALLEGA SOCIEDAD DE CARTERA SL co NIF B27716406 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 21240/77 de xustificación e pago da axuda e presenta comunicación formal do cambio de denominación societaria a MARE SOLUCIONES LOGÍSTICAS SL, aportando a documentación seguinte:

- Escritura de cambio de denominación, cese e nomeamento de Administrador Único e Declaración de cambio de socio único, outorgada ó 24 de xullo de 2024 ante o Notario de Vigo, Don José María Rueda Pérez.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

- As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2024, expediente 20753/77, establecen:

- Na base 5ª. *Obrigas, no apartado 5.2.: “Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.”*

- Na base 10ª. *Alteración das condicións de concesión, No apartado 10.1: “Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto na base 5ª.*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

- O artigo 64.1 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones e ao abeiro do disposto no artigo 17.3.I) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvencions se establece a posibilidade de modificar a Resolución de Concesión, establecendo: "(...) *Que las modificaciones obedezcan a causas sobrevenidas que no pudieron preverse en el momento de la solicitud, y que no fuesen previsibles con anterioridad, aplicando toda la diligencia requerida de acuerdo con una buena práctica profesional en la elaboración del proyecto o en la redacción de las especificaciones técnicas.*"

Xa que logo, tras a análise da documentación achegada no expediente 20868/77 de solicitude da axuda e o expediente 21240/77 de aceptación e xustificación outorgada presentada pola beneficiaria resulta procedente formular a proposta de acordo de modificación da denominación societaria pasando de ser Vasco Gallega Sociedad de Cartera SL a denominarse Mare Soluciones Logísticas SL ao considerar que non vulnera intereses de terceiros, non altera a natureza e obxectivos da subvención, nin afecta ao principio da competencia.

Asemade, verifícase que a entidade cumpre con todos os requisitos de participación establecidos na convocatoria e nas Bases Reguladoras. A dita circunstancia considérase adecuada, documentada, proporcionada e razoable, polo que considérase acreditado o cambio na Razón Social da entidade.

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

**PRIMEIRO:** Modificar a resolución de outorgamento, do 18.10.2024, da Xunta do Goberno Local correspondente á convocatoria das Axudas Municipais á Contratación 2024 solicitada pola beneficiaria MARE SOLUCIONES LOGÍSTICAS SL, co NIF B27716406 (anteriormente, VASCO GALLEGA SOCIEDAD DE CARTERA SL), ao considerar, conforme ao establecido no artigo 64 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones, que a dita modificación non vulnera intereses de terceiros, non altera a natureza u obxectivos da subvención, nin afecta ao principio de competencia, mantendo asemade o



número de expediente 20868/77 de solicitude e ó expediente 21240/77 para a xustificación da axuda outorgada cun importe de 2.300,00€, baixo as mesmas condicións e ao amparo das mesmas obrigas.

**SEGUNDO:** NOTIFICAR o presente acordo á interesada, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG, art. 40 e 41 da Lei 39/2015 da LPAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(901).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN LABORAL DOS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “VIGO CAPACITA IX”. EXPTE. 21158/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 05/11/2024, sométese a aprobación o informe proposta de data 30/10/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I. ANTECEDENTES**

I. A Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia mediante RESOLUCIÓN do Xefe territorial de Vigo de data 16 de outubro de 2023, concede ao Concello de Vigo a subvención para a posta en marcha do Obradoiro de Emprego Dual Vigo Capacita IX. No punto 1.4 do anexo á resolución de concesión da subvención se recolle o importe correspondente para os incentivos á contratación laboral do alumnado-traballador do Obradoiro.

Os incentivos concedidos son de 20 contratos polo importe total de 30.000 euros (1.500 euros por persoa).

II. A Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas (BOPPO nº 133, do 9 de xullo de 2024) o 21 de outubro de 2024 resolveu, logo do informe de necesidade da técnica de administración Xeral, iniciar o procedemento para a aprobación das bases reguladoras e a convocatoria das subvencións para a concesión dos Incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego Vigo Capacita IX (expte 21158/77).

III. No expediente consta a seguinte documentación:





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

- Resolución do xefe territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia na que se concede a subvención para o obradoiro dual de emprego "VIGO CAPACITA IX".

- Bases reguladoras, convocatoria das axudas, extracto e os modelos de formularios (Anexos I a V) asinados pola Técnica de Administración Xeral e cos conformes da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

### II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

#### a.- OBXECTO DO EXPEDIENTE

O obxecto deste expediente consiste na aprobación das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a concesión dos Incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no obradoiro dual de emprego "Vigo Capacita IX".

Segundo se indica nas bases obxecto de informe, estas axudas teñen como beneficiarias as persoas empregadoras e as empresas/entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, no ámbito da hostalería, e que contraten traballadores ou traballadoras por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

Estas contratacións (nas modalidades de contrato indefinido ou fixo discontinuo) terán unha duración mínima de 3 meses a xornada completa e incentivaranse cunha contía fixa de 1.500€ por cada persoa traballadora contratada, sendo o número máximo de incentivos a conceder de 20 en total.

A finalidade última destas axudas é promover a inserción laboral das persoas participantes nos obradoiros, mediante contratos laborais en empresas para ocupacións do ámbito das materias impartidas e no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego.

#### b. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de selección de beneficiarios de Obradoiros de Emprego que se veñen desenvolvendo en exercicios anteriores pola unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, ven considerando que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello segundo o artigo 80.2.p) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia a participación da formación de activos desempregados; e sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

### **III. NORMATIVA APLICABLE :**

Preceptúa a normativa aplicable que, con carácter previo ó outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na lei (Arts. 9.2 LXS e 6.2 LSG). Lémbrese, en todo caso, que –segundo o Art. 17.2 da LXS- as bases deberán aprobarse no marco das Bases de execución do Orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A este respecto, de acordo co disposto nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo do 2024 e, sen prexuízo da desexable ordenanza municipal reguladora das subvencións que se aprobe a tal efecto - resulta de aplicación para a elaboración das presentes bases o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG); a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2024, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

No presente suposto ten unha especial importancia o disposto na Orde do 21 de febreiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **IV. BASES REGULADORAS**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

As bases reguladoras teñen como finalidade, de conformidade co previsto no capítulo IV "Incentivos á Contratación" da Orde de 21 de abril de 2023 por la que se establecen las bases reguladoras de las ayudas y subvenciones para los talleres duales de empleo de la Comunidad Autónoma de Galicia, y se procede a su convocatoria para el año 2023 (código de procedimiento TR353A).(DOG nº 85 de 04-05-2023), a determinación do procedemento para a concesión dos incentivos á contratación das persoas participantes nos Obradoiros duais de Emprego.

No apartado 2 do artigo 15 da Orde de 21 de abril de 2023, establece o seguinte:  
*"Porase a disposición na sede electrónica un anexo V como modelo orientativo de convocatoria."*

As bases propostas seguen o modelo orientativo elaborado pola Consellería de Emprego e Igualdade, e reflicten o contido mínimo esixido nos artigos 17 da LXS e 14 da LSG, en canto ao obxecto, requisitos das beneficiarias, procedemento de concesión, criterios de outorgamento, contías, crédito orzamentario, compatibilidade con outras subvencións, procedemento de concesión así coma órganos competentes, prazo e forma de xustificación. E atenden aos principios reguladores das subvencións establecidos nos artigos 8.3 LXS e 5.2 LSG.

Todos estes contidos estímense conformes ao interese público e ao ordenamento xurídico e suficientes , xunto co resto de documentación que consta no expediente , para o fin pretendido.

### **V. Contía total e crédito orzamentario:**

Con data 20/08/2024, recíbese resolución de concesión de subvención da dirección territorial de Vigo da consellería da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concedendo a subvención solicitada, por importe total de 411.928,00€, para a realización do proxecto do obradoiro dual de emprego denominado "VIGO CAPACITA X" (Nº de expte. TR353A 36/00006/2024), para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado, supón a aceptación das especialidades formativas solicitadas ("Montaxe e mantemento de paneis solares fotovoltaicos (ENAE0108" e "Cociña (HOTRO408)"), e permitirá a contratación de 20 alumnos/as-traballadores/as, e un equipo directivo composto de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 2 expertos/as docente. Así mesmo concédeselle 30.000,00 € euros para incentivos á contratación laboral segundo figura no anexo á resolución concesión subvención.

Polo tanto, a contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2024 do Concello de Vigo é de 30.000 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700007 denominada AXUDAS CONTRATACIÓN O.E. "VIGO CAPACITA IX", de acordo co establecido nas bases reguladoras

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

O procedemento de xeneración de crédito da subvención concedida figura no expediente 20696/77 (trámites 56 en adiante).

## **VI. PUBLICIDADE:**

As bases publicaranse no BOP e a convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que remitirá un extracto da mesma ao BOP, de acordo co establecido no art. 20.8.a) da LXS.

Así mesmo as subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación, con indicación da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados, de conformidade co art. 20.8.b) da LXS.

Tamén se recolle a publicación das bases, da convocatoria e dos beneficiarios na web do Concello de Vigo -portal de transparencia- de conformidade co art.8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, así como na oficina de información do Concello de Vigo e na propia oficina administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego.

## **VI. ÓRGANO COMPETENTE:**

A competencia para aprobar as bases, a convocatoria e o extracto da mesma correspóndelle a **Xunta de Goberno Local**, a proposta da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira da área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas nos termos das delegacións de competencias efectuadas á mesma, de conformidade co disposto no artigo 127.1. g) da LBRL, **previa fiscalización da Intervención Xeral** do Concello (artigos 9 da LXS e 6 da LGS e 214.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Polo exposto, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o gasto por importe de 30.000,00 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida orzamentaria 2410 4700007 "AXUDAS CONTRATACIÓN O.E. "VIGO CAPACITA IX", dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2024.

**SEGUNDO:** Aprobar a convocatoria, o extracto da mesma, as "Bases Reguladoras dos incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no Obradoiro Dual de Emprego "VIGO CAPACITA IX" e os modelos de formularios oficiais que se achegan como Anexos ao presente acordo.

**TERCEIRO:** Publicar, unha vez aprobadas, a convocatoria, as bases reguladoras da convocatoria de "Incentivos á contratación por conta allea das persoas participantes no



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

Obradoiro Dual de Emprego VIGO CAPACITA IX" e os modelos de formularios oficiais, nos seguintes termos:

- A convocatoria, publicarase na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)). Conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 5 días hábiles para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.
- As bases reguladoras, publicaranse no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).
- Os modelos de formularios oficiais, publicaranse na páxina web ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) a disposición das persoas usuarias.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA IX" BASES REGULADORAS**

### **ÍNDICE**

**ARTIGO 1. FINALIDADE E DURACIÓN DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA.**

**ARTIGO 2. ENTIDADES BENEFICIARIAS DOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN.**

**ARTIGO 3. CONTÍA DOS INCENTIVOS.**

**ARTIGO.4. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

**ARTIGO 5. EXCLUSIÓNS. EXCLÚENSE DOS BENEFICIOS REGULADOS NESTE PROGRAMA.**

**ARTIGO 6. PRAZOS E SOLICITUDE**

**ARTIGO 7. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

**ARTIGO 8. OBRIGACIÓNS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.**

**ARTIGO 9. COMPETENCIA.**

**ARTIGO 10. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN, INSTRUCIÓN E TRAMITACIÓN.**

**ARTIGO 11. RESOLUCIÓN E RECURSOS.**

**ARTIGO 12. INCOMPATIBILIDADES E CONCORRENCIA**

**ARTIGO 13. PERDA DO DEREITO AO COBRO DA SUBVENCIÓN E REINTEGRO.**

**ARTIGO 14. DEVOLUCIÓN VOLUNTARIA DA SUBVENCIÓN.**

## **ANEXOS**

**ANEXO I. SOLICITUDE**

**ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA**

**ANEXO III. DECLARACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS**

**ANEXO IV. AUTORIZACIÓN CONSULTA DE DATOS**

**ANEXO V. XUSTIFICACIÓN**

### **Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.**

1. Os incentivos á contratación por conta allea obxecto da presente convocatoria teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e a ocupabilidade das persoas participantes no OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "VIGO CAPACITA IX", número de EXPTE.: 36/00022/2023, proxecto mixto de formación e emprego promovido polo Concello de Vigo e financiado a través da convocatoria 2023 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade.

2. A contratación (nas modalidades de contrato indefinido ou fixo discontinuo) terá unha duración mínima de **3 meses**.

3. A xornada da contratación será a **tempo completo**.

### **Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.**

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas/ entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, en concreto cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0408) e Servizos de Restaurante (HOTR0608) e Xestión de procesos de servizo de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

restauración (HOTR0508) no ámbito da hostalería, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non están incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable .

1

### **Artigo 3. Contía dos incentivos.**

1. Os contratos incentivaranse cunha subvención fixa de **1.500€** por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de **3 meses** a xornada **completa**.

2. O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 20 en total.

3. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

4. Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

### **Artig 4. Contía total e crédito orzamentario**

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2024 do Concello de Vigo é de 30.000 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700007 denominada AXUDAS CONTRATACIÓN O.E. "VIGO CAPACITA IX", de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

#### **Artigo 5. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa.**

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

#### **Artigo 6. Prazos e solicitude.**

1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de **5 días hábiles**, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

3. Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

4. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como Anexo I- Solicitude, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

- Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, incluída no Anexo I - Solicitude.
- Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.

### **Artigo 7. Xustificación e pagamento.**

1. De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación a presentar é a seguinte:

- a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do Anexo V – Xustificación.
- b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.
- c) Documentación xustificativa das altas, e no seu caso baixas, dos traballadores/as con cargo aos incentivos á contratación, que abranguen un contrato de ao menos de 3 meses, a xornada completa.
- d) Outra documentación xustificativa ou aclaratoria que o Concello poidera requirir á empresa/ entidade beneficiaria da axuda.

2. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

### **Artigo 8. Obrigacións das entidades beneficiarias.**

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego, e dicir, un posto de traballo directamente relacionado cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0408) e Servizos de Restaurante

(HOTR0608) e Xestión de procesos de servizo de restauración (HOTR0508), no ámbito da hostalería.

2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa/entidade deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora do obradoiro dual de emprego, e dicir, ao Concello de Vigo, no prazo de **sete días hábiles** desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

3. Como consecuencia da contratación pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extíngase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario, que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciran por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

4. As contratacións, realizadas nas modalidades de contrato indefinido ou fixo discontinuo, polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego correspondente na forma regulamentariamente establecida.

5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigaón, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego (Concello de Vigo), levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

### **Artigo 9. Competencia.**

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá ao Concello de Vigo, como entidade promotora do obradoiro dual de emprego.

### **Artigo 10. Procedemento de concesión, instrución e tramitación.**

1. O procedemento de concesión das subvencións ás solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas e/ou empregadores reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

2. No caso de que se presenten un maior número de solicitudes de contratación que axudas concedidas, na súa valoración teranse en conta factores tales como que a empresa/entidade asinara previamente un compromiso de contratación do alumnado do obradoiro achegado co proxecto que o Concello presentou á Xunta de Galicia para solicitar a subvención (compromiso contemplado na Orde de convocatoria e que se puntúa na valoración do proxecto); a orde de presentación das solicitudes.

3. Estes incentivos á contratación por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de *mínimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

Unión Europea ás axudas de *mínimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). [Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.](#)

### **Artigo 11. Resolución e recursos.**

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.
2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.
3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dous días hábiles para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.
4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **Artigo 12. Incompatibilidades e concorrencia.**

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.
2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Artigo 13. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.**

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
2. As obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando se extingue a relación laboral coa persoa traballadora subvencionada antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituíla.

## **Artigo 14. Devolución voluntaria da subvención.**

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

## **CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “VIGO CAPACITA IX”, NÚMERO DE EXPTE.: 36/00022/2023**

### **Artigo 1. Finalidade e duración dos incentivos á contratación por conta allea.**

1. Os incentivos á contratación por conta allea obxecto da presente convocatoria teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e a ocupabilidade das persoas participantes no OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO “VIGO CAPACITA IX”, número de EXPTE.: 36/00022/2023, proxecto mixto de formación e emprego promovido polo Concello de Vigo e financiado a través da convocatoria 2023 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade.

2. A contratación (nas modalidades de contrato indefinido ou fixo descontínuo) terá unha duración mínima de **3 meses**.

3. A xornada da contratación será a **tempo completo**.

### **Artigo 2. Entidades beneficiarias dos incentivos á contratación.**

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas/ entidades, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, cuxa actividade estea directamente relacionada coa formación impartida no obradoiro dual de emprego, en concreto cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0408) e Servizos de Restaurante (HOTR0608) e e Xestión de procesos de servizo de restauración (HOTR0409) no ámbito da hostalería, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Vigo.

No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigacións que, como beneficiaria, correspóndanlle á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos esixidos para acceder ás axudas.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non estár incursas nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, segundo o estipulado nas bases da convocatoria.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria as entidades solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme ao establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable .

### **Artigo 3. Contía dos incentivos.**

1. Os contratos incentivaranse cunha subvención fixa de **1.500€** por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de **3 meses** a xornada **completa**.

2. O número máximo de incentivos que se poderán conceder é de 20 en total.

3. Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

4. Unha vez esgotado o crédito orzamentario existente, procederase a denegar as subvencións que non poidan ser atendidas por falta de dispoñibilidade orzamentaria. As solicitudes denegadas por falta de crédito nunha convocatoria determinada, non causarán dereito nas seguintes.

### **Artigo 4. Contía total e crédito orzamentario**

A contía total estimada destinada a estas subvencións para o exercicio orzamentario do 2024 do Concello de Vigo é de 30.000 € (trinta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4700007 denominada AXUDAS CONTRATACIÓN O.E. "VIGO CAPACITA IX", de acordo co establecido nas bases reguladoras.

O importe da subvención ou axuda, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou actuación subvencionada.

A concesión da subvención non xerará ningún dereito á percepción da mesma en futuras convocatorias.

### **Artigo 5. Exclusiones. Exclúense dos beneficios regulados neste programa.**

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.

2. Os contratos realizados co/a cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa, segundo o establecido no artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de substitución ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste parágrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro.

## **Artigo 6. Prazos e solicitude.**

1. O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente será de **5 días hábiles**, a contar desde o día seguinte á publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Os solicitantes obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, segundo a obriga imposta polo artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), deberán presentar e tramitar por medios electrónicos a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=ga>, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>,

3. Os solicitantes non obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, poderán optar pola tramitación electrónica da súa solicitude e documentación complementaria a través da sede electrónica do Concello de Vigo, e por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos ou ben a través da súa Carpeta Cidadá.

4. As solicitudes deberán presentarse no modelo normalizado que figura como Anexo I-Solicitude, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

- Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria, incluída no Anexo I - Solicitude.
- Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

### Artigo 7. Xustificación e pagamento.

1. De non achegarse con anterioridade, o pago das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación xustificativa para o pago no prazo, nos termos e no modo establecido na resolución de concesión. Excepcionalmente, e por causas debidamente xustificadas, o órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación que non exceda da metade deste. O acordo de ampliación deberá ser notificado ás persoas ou entidades beneficiarias.

A documentación a presentar é a seguinte:

- a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do Anexo V – Xustificación.
- b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.
- c) Documentación xustificativa das altas, e no seu caso baixas, dos traballadores/as con cargo aos incentivos á contratación, que abranguen un contrato de ao menos de 3 meses, a xornada completa.
- d) Outra documentación xustificativa ou aclaratoria que o Concello poidera requirir á empresa/ entidade beneficiaria da axuda.

2. Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

### Artigo 8. Obrigacións das entidades beneficiarias.

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego, e dicir, un posto de traballo directamente relacionado cos certificados de Profesionalidade de Cociña (HOTR0408) e Servizos de Restaurante (HOTR0608) e Xestión de procesos de servizo de restauración (HOTR0409) no ámbito da hostalería.

2. Manter no seu persoal á persoa contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención. No caso de extinción do contrato de traballo polas causas previstas na normativa laboral vixente con anterioridade á finalización do período esixible, a empresa/entidade deberá comunicar esta circunstancia á entidade promotora do obradoiro dual de emprego, e dicir, ao Concello de Vigo, no prazo de **sete días hábiles** desde que se produza, para promover a súa substitución nas mesmas condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no obradoiro, que non fosen contratadas previamente.

3. Como consecuencia da contratación pola que se solicita a subvención, ten que incrementarse o emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ao mes anterior ao mes de realización da contratación pola que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computarán as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo extíngase por causas obxectivas ou por despedimento disciplinario, que non sexan declarados improcedentes, ou cuxas baixas se produciran por dimisión da persoa traballadora

ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas, ou por finalización do contrato.

4. As contratacións, realizadas nas modalidades de contrato indefinido ou fixo discontinuo, polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego correspondente na forma regulamentariamente establecida.

5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obrigaón, corresponderá á entidade promotora do obradoiro dual de emprego (Concello de Vigo), levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa.

### **Artigo 9. Competencia.**

A competencia para resolver as solicitudes de axudas corresponderá ao Concello de Vigo, como entidade promotora do obradoiro dual de emprego.

### **Artigo 10. Procedemento de concesión, instrución e tramitación.**

1. O procedemento de concesión das subvencións ás solicitudes presentadas ao amparo desta convocatoria outorgaranse no réxime de concorrencia competitiva, sen establecer comparación entre as solicitudes, polo que a prelación na concesión de subvencións será só temporal, outorgándose segundo a orde de entrada, sempre que as empresas e/ou empregadores reúnan os requisitos establecidos nas bases reguladoras e convocatoria e exista crédito orzamentario suficiente.

2. No caso de que se presenten un maior número de solicitudes de contratación que axudas concedidas, na súa valoración teranse en conta factores tales como que a empresa/entidade asinara previamente un compromiso de contratación do alumnado do obradoiro achegado co proxecto que o Concello presentou á Xunta de Galicia para solicitar a subvención (compromiso contemplado na Orde de convocatoria e que se puntúa na valoración do proxecto); a orde de presentación das solicitudes.

3. Estes incentivos á contratación por conta allea quedan sometidos ao réxime de axuda de *mínimis*, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de *mínimis* (DOUE L352, do 24 de decembro de 2013). [Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión.](#)

### **Artigo 11. Resolución e recursos.**

1. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é dun mes, que se computará desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dous días hábiles para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **Artigo 12. Incompatibilidades e concorrencia.**

1. As axudas previstas neste programa para as contratacións por conta allea son incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

2. Os incentivos establecidos neste programa serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **Artigo 13. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro.**

1. Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As obrigacións de reintegro establecidas nesta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

3. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, por tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos cando se extingue a relación laboral coa persoa traballadora subvencionada antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituíla.

### **Artigo 14. Devolución voluntaria da subvención.**

1. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta da entidade promotora do obradoiro dual de emprego, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

**10(902).- NOMEAMENTO INTERINO DE 1 TÉCNICO/A MEDIO EN RELACIÓNS LABORAIS. EXPTE. 45472/220.**

Visto o informe de fiscalización do 30/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/10/2024, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES**

I.- Consta no expediente solicitude da Xefatura da Área de RRHH e Formación conformada pola concellería delegada e pola concellería de área competente, e declaración responsable, solicitando a cobertura da praza vacante da categoría profesional de técnico/a medio/a en relacións laborais.

II.- Tendo coñecemento oficial pola xefatura da situación de ausencia xustificada da funcionaria asignada ao posto de traballo indicado, o órgano municipal competente, en data de 16/10/2024, procedeu a *"Incoar o procedemento para o nomeamento de persoal interino por substitución na Área de Recursos Humanos e Formación coa categoría de técnico/a medio/a en Relacións Laborais, subgrupo A2, escala de Administración Especial, en número de 1 efectivo conforme ás situacións requeridas de substitución que constan documentadas"*

III.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de data 22/10/2024, existe unha candidata en condicións de ser nomeada por aceptar o nomeamento e presentar correctamente a documentación.

IV.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 29/10/2024 que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino dunha/dun técnico/a medio/a en relacións laborais, en substitución transitoria da titular, durante o tempo estritamente necesario (art. 10.1.a) do TREBEP).

VI.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

### **I.- Normativa de aplicación**

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*  
A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario.”** (letra b) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

Polo tanto, visto o artigo 10.1.b) do TREBEP, procede o nomeamento interino por substitución transitoria da titular durante o tempo estrictamente necesario.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional obxecto de nomeamento, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 6 de setembro de 2024; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 335– técnico/a medio/a relacións laborais.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

### III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

### IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

### V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 19 do expediente) consta que:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 45472/220 infórmase o seguinte:*

- *Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para o nomeamento interino de 1 técnico/a medio de relacións laborais, por substitución transitoria do titular por ILT (art. 10.1.b) TREBEP), existe lista de reserva do Concello de Vigo vixente con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable.*

- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como técnico/a medio de relacións laborais, á candidata que se relaciona a continuación que aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida para o efecto:

Carmen Vidal Laz con DNI \*\*\*8931\*\*

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.”

O/a aspirante interesado/a e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

#### VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 29/10/2024:

“O custo para 1 posto cod. 335-Técnico/a medio de relacións laborais, de iniciarse a súa relación o 1/11/2024, con cargo as partidas orzamentarias: deberá efectuar con cargo as partidas orzamentarias: 920.0.140.0000 (retribucións) e 920.0.160.0099 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2024:

S.Base	CD	CE	Pagas extra	S. social empr.	Total
2.294,70 €	1.482,30 €	2.567,52 €	1.057,42 €	2.352,34 €	9.754,28 €

Polo que o custo total para de 1 Técnico/a de relacións laborais cod. 335 sería de 9.474,28 €.”

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

#### VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

*públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones."*

### VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolucións da Excma. Alcaldía de 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local da mesma data.

### IX.- PROPOSTA DE ACORDO

**"PRIMEIRO:** *Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:*

- Categoría profesional: Técnico/a medio/a en relacións laborais*
- Modalidade legal: funcionario interino por substitución transitoria da titular, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra b) do TREBEP).*
- Destino: Área de RRHH e Formación*
- Período temporal: polo tempo estritamente necesario, durante a situación de ausencia da titular e consonte ao establecido no artigo 10.1, letra b) do TREBEP.*
- Custe económico: o custo de iniciarse a relación o 1/11/2024, sería o seguinte para 1 posto cod. 335-técnico/a medio/a relacións laborais con cargo ás aplicacións orzamentarias 920.0.140.0000 (retribucións) e 920.0.160.0099 (Seguridade Social a cargo da empresa) ascendería a 9.754,28 €, co seguinte detalle:*

S.Base	CD	CE	Pagas extra	S. social empr.	Total
2.294,70 €	1.482,30 €	2.567,52 €	1.057,42 €	2.352,34 €	9.754,28 €

*Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.*

S.ord. 08/11/2024

**SEGUNDO:** Nomear como funcionaria/o interina/o por substitución transitoria da titular, funcionaria de carreira con dereito á reserva do posto de traballo, polo tempo estritamente indispensable nos termos e condicións do establecido no artigo 10.1.b) do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, a nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, como técnico/a medio/a en relacións laborais a/o candidata/o:

Carmen Vidal Laz con DNI \*\*\*8931\*\*, na súa condición de aspirante incorporado en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura de Benestar Social, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

**QUINTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **11(903).- PROXECTO DO PLAN ANUAL NORMATIVO PARA O ANO 2025. EXPTE. 1742/110.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/11/2024, asinado polo secretario xeral do Pleno e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## **ANTECEDENTES DE FEITO**

**Primeiro.-** O 22/10/2024 remitiuse ás diferentes áreas e servizos municipais, coa conformidade da Concelleira delegada da Área de goberno de Seguridade,





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

Contratación, Festas e Xestión municipal, a solicitude de presentación das iniciativas regulamentarias a incorporar ao Plan Anual Normativo 2025 deste Concello.

**Segundo.-** Con data 23/10/2024 incorporáronse ao expte electrónico 1742-110 as iniciativas regulamentarias da Concellería da área de goberno de Orzamentos e Facenda e da Concellería delegada da área de goberno de Urbanismo e Vivenda.

### **Normativa aplicable**

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en adiante LPAC).
- Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno [*no que sexa adaptable á Administración Local*].
- Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante LBRL).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e Bo Goberno (Lei 19/2013).
- Directrices para a elaboración do “Plan Anual Normativo e avaliación normativa posterior”, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 31/08/2017 (expte 1464/110).

### **Informe.**

#### **Primeiro.- Sobre a planificación normativa.**

O artigo 4.1.a) da LBRL atribúe aos municipios, na súa condición de administracións públicas (en adiante AAPP) de carácter territorial, dentro da esfera das súas competencias, as potestades regulamentaria e de auto organización.

A Lei 39/2015, LPAC, no seu Título VI, adicado á iniciativa lexislativa e á potestade regulamentaria, fai referencia aos principios de boa regulación aos que as AAPP ten que axustarse no exercicio desa potestade regulamentaria. Así, o artigo 129 establece que as AAPP actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Ao obxecto de acadar unha maior *predecibilidade*, transparencia e seguridade das normas xurídicas o artigo 132 da LPAC obriga ao conxunto das Administracións Públicas a facer público con carácter anual un *Plan Normativo* que conterá as iniciativas regulamentarias que podan ser obxecto de aprobación no ano seguinte. Os plans normativos deben incluír as novas disposicións regulamentarias e as modificacións das existentes, incluso as derogacións. Unha vez aprobado, o Plan Anual Normativo publicarase no Portal da Transparencia da Administración Pública correspondente. Incrementase así a transparencia no exercicio da iniciativa

normativa o permitir, coa publicación do seu contido, que tanto o resto de AAPP, como os cidadáns poidan coñecer con antelación que normas se ten previsto aprobar polo Concello.

Con este instrumento, segundo o Preámbulo da Ley 39/2015, -LPAC-, se aposta por mellorar a planificación normativa "ex ante", co obxecto de asegurar o exercicio da potestade regulamentaria das entidades locais, neste caso, "*de acuerdo con los principios de buena regulación, garantizar de modo adecuado la audiencia y participación de los ciudadanos en la elaboración de las normas y lograr la predictibilidad y evaluación pública del ordenamiento*".

### **Segundo.- Sobre a súa regulación.**

A Lei 50/1997, de 27 de novembro, do Goberno, aplicable ao goberno do Estado, poderá aplicarse subsidiariamente ás entidades locais (EELL) en todo o que se poida adaptar á organización da Administración Local para a interpretación da obriga arriba sinalada, no seu artigo 25 indica:

“Artículo 25. Plan Anual Normativo.

1. El Gobierno aprobará anualmente un Plan Normativo que contendrá las iniciativas legislativas o reglamentarias que vayan a ser elevadas para su aprobación en el año siguiente.
2. El Plan Anual Normativo identificará, con arreglo a los criterios que se establezcan reglamentariamente, las normas que habrán de someterse a un análisis sobre los resultados de su aplicación, atendiendo fundamentalmente al coste que suponen para la Administración o los destinatarios y las cargas administrativas impuestas a estos últimos.
3. Cuando se eleve para su aprobación por el órgano competente una propuesta normativa que no figurara en el Plan Anual Normativo al que se refiere el presente artículo será necesario justificar este hecho en la correspondiente Memoria del Análisis de Impacto Normativo.
4. El Plan Anual Normativo estará coordinado por el Ministerio de la Presidencia, con el objeto de asegurar la congruencia de todas las iniciativas que se tramiten y de evitar sucesivas modificaciones del régimen legal aplicable a un determinado sector o área de actividad en un corto espacio de tiempo. El Ministro de la Presidencia elevará el Plan al Consejo de Ministros para su aprobación antes del 30 de abril.

Por orden del Ministerio de la Presidencia se aprobarán los modelos que contengan la información a remitir sobre cada iniciativa normativa para su inclusión en el Plan.”

Con data de 31 de agosto do 2017 a Xunta de Goberno Local aprobou as “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do *Plan Normativo Anual* e para a avaliación normativa”, a cuxo contido nos remitinos.

As Directrices advertían que con anterioridade ao 15 de outubro remitiríanse á Secretaría Xeral do Pleno as iniciativas regulamentarias que se desexaran incorporar ao *Plan Normativo Anual*; foron notificadas aos concelleiros delegados de Área e á



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

totalidade das xefaturas de Área e de Servizo nos que se estrutura a Administración municipal en data 22/10/2024.

Subliñase que, de acordo coa directriz sexta, *“Quedan excluídas do Plan Anual Normativo as Ordenanzas Fiscais e as súas modificacións, así como o Plan Xeral de Ordenación Municipal e as súas modificacións”*.

### **Terceiro.- Sobre o procedemento e o órgano competente.**

O procedemento para levar a cabo a aprobación do Plan é o seguinte:

- A aprobación do Plan Anual Normativo municipal, redactado polo Servizo de Secretaría Xeral (directrices segunda e cuarta), deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local (en adiante XGL).
- Unha vez aprobado, de acordo co artigo 2.1.) da Lei 19/2013, o Plan Anual Normativo debe publicarse no portal de transparencia da entidade local.

O Órgano competente para a súa aprobación, nos concellos do Título X da Lei 7/1985 (LBRL) (municipios de gran poboación), de acordo co establecido no art. 127.1.a) da LBRL, en relación co artigo 25 da lei 50/1997, de 27 de novembro, entendemos que corresponde á Xunta de Goberno Local.

O Dictamen 752/2017, de 21 de novembro, do Consejo Consultivo de la Comunidad Valenciana, confirmaba que é práctica usual nos municipios de gran poboación a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, en aplicación do art. 127.1.a) da Lei 7/1985, -LRBRL-.

Se ben non consta referencia legal algunha que atribúa expresamente esta competencia a órgano municipal algún, compartimos esa opinión polos motivos seguintes.

En primeiro lugar, pola propia consideración xurídica do Plan Normativo, conforme o entende a xurisprudencia. Así, entre outras, a Sentencia do TSJ de Castilla y León de 14 de outubro de 2022:

- *“...La naturaleza del plan normativo es la de un instrumento de carácter programático, carente de valor normativo, por lo que no puede afectar a la validez de la Ordenanza. Por otra parte, en el presente supuesto, la ausencia de un plan normativo no ha impedido la participación ciudadana en la elaboración de la Ordenanza fiscal, pues se ha dado a la tramitación suficiente publicidad. Teniendo en cuenta lo señalado, ha de concluirse que el vicio sería de carácter formal, no habiéndose acreditado que haya causado indefensión material a algún interesado.”*

Conforme a esta interpretación, ademais de acreditar que a súa ausencia non supón a nulidade do texto normativo que sexa aprobado seguindo o procedemento legalmente establecido, se afirma que o Plan Normativo non é un instrumento inserido no proceso de xeración da nova regulamentación, o que suporía que tería que estar atribuído ao Pleno da Corporación, senon como unha medida de transparencia que se instaura co obxectivo de facilitar o seguimento e control da actividade administrativa.

En segundo lugar, conectado co anterior, se entende que ese Plan se debe elaborar por quen de forma ordinaria *plantea* este tipo de propostas ao órgano que posteriormente resolverá sobre a súa aprobación, como medida de anticipación á labor que se vai desenvolver posteriormente durante o exercicio. Polo tanto, o mais coherente é entender que este documento (Plan normativo) ten que ser aprobado por quen, de forma ordinaria, vai a elevar as propostas normativas ao órgano competente para a súa aprobación definitiva. Neste senso, parece que se pronuncia expresamente o citado art. 132 LPAC al conter o inciso “...que contendrá las iniciativas legales o reglamentarias que vayan a ser elevadas para su aprobación en el año siguiente.”

En terceiro lugar, e nesa mesma liña de coherencia, nos municipios de gran poboación o art. 127.1 LRBRL atribúe á Xunta de Gobierno Local no só a competencia para aprobar os proxectos de ordenanzas e regulamentos, xenon en termos xerais, as funciones executivas do Gobierno Local, polo que parece lóxico que sexa este órgano quen aprobe o Plan Normativo.

A pesares do antes sinalado, de non reunir a natureza de norma regulamentaría e non ser o instrumento normativo adecuado para asignar competencias aos órganos municipais, a directriz cuarta das arriba sinaladas (aprobadas pola XGL) atribúe a competencia para a aprobación “definitiva” ao Pleno nos termos seguintes: “CUARTA. A Secretaría Xeral do Pleno propondrá a **aprobación previa do proxecto de Plan Normativo á Xunta de Gobierno Local** con anterioridade ao 1 de novembro do ano anterior a súa vixencia; **o proxecto será elevado ao Pleno para a súa aprobación na sesión ordinaria do mes de novembro** e publicarse no BOP e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo en data anterior ao 31 de decembro.” En cumprimento desta directriz en anteriores exercicios se ven aprobando o plan normativo anual do Concello de Vigo polo Pleno. A maioría simple será a requirida para esa aprobación do Plan Anual Normativo, seguindo a regra xeral do artigo 47.1 da LBRL.

#### **Cuarto.- Iniciativas recibidas.**

En resposta ao tramite 3 do expediente electrónico 1742/110, polas distintas Áreas de goberno municipal se remitiron á secretaría xeral as propostas de planificación normativa, exercicio 2025. Concluído o prazo de remisión as propostas normativas recibidas son as seguintes:

**I. Área de Orzamentos e Facenda** (trámite 7 do expte electrónico 1742/110, cód. doc. 240312686 do 14/10/2024, expte. 6100/550).

#### *Reglamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.*

*Obxectivo xeral da norma.*- Adaptación do Regulamento vixente, aprobado polo Pleno do Concello de 14 de xuño de 2004 (BOP de 15 de xuño) ás modificacións normativas que dende entón tiveron lugar (incluíndo a adaptación a unha linguaxe inclusiva e igualitaria) así como acadar unha axeitada eficiencia na organización e funcionamento do Tribunal.

*Tramitación.*- artigos 137.5 e 49 da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. En virtude do artigo 133,4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non require dos trámites de consulta, audiencia e información pública previos.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: 1º trimestre do 2025.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: 1º trimestre do 2025.
- Data estimada para audiencia e información pública: 1º trimestre do 2025.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: 1º trimestre do 2025.

**II. Área de Urbanismo E Vivenda** (trámite 8 do expte electrónico 1742/110, cód. doc. 240330229 do 22/10/2024).

Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.

*Obxectivo xeral da norma.*- Adaptación da Ordenanza as modificacións normativas con incidencia directa nas previsións da Ordenanza como a Lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia e o seu regulamento, a Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e o seu regulamento ou a Lei 10/2017 de espectáculos e actividades recreativas de Galicia, etc.

*Tramitación.*-

- Data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: Xaneiro 2025.
- Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: xaneiro 2025.
- Data estimada informe proposta: marzo 2025.
- Data estimada informe secretario xeral do pleno: marzo 2025.
- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: marzo 2025.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: Abril 2025.
- Data estimada para audiencia e información pública: Abril 2025.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: Maio 2025.

**III. Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal** (trámite 9 do expte. electrónico 1742/110, cód. doc. 240336093 do 30/10/2024).

Regulamento orgánico do goberno e da administración do concello de Vigo.

*Obxectivo xeral da norma.*- establecer o réxime xurídico aplicable á organización, goberno e administración do Concello de Vigo conforme o disposto no artigo 123.1.c da LRBRL.

*Tramitación.-*

- Data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: Non aplica.
- Data estimada de publicación do texto no Portal Web do Concello: Non aplica.
- Data estimada informe proposta: Primeiro semestre 2025.
- Data estimada informe secretario xeral do pleno: Primeiro semestre 2025.
- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: Primeiro semestre 2025.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: Primeiro semestre 2025.
- Data estimada para audiencia e información pública: Primeiro semestre 2025.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: Segundo semestre 2025.

**IV. Área de Medio Ambiente** (trámite 10 do expte electrónico 1742/110, cód. doc. 240336426 do 30/10/2024).

*Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais.*

*Obxectivo xeral da norma.-* Desenvolvemento da normativa vixente no ámbito municipal sobre servizos nos cemiterios municipais.

*Tramitación.-*

- Data estimada para a consulta pública previa á redacción do texto: Primeiro cuadrimestre 2025.
- Data estimada de aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local: Primeiro cuadrimestre 2025.
- Data estimada de aprobación inicial polo Pleno: Segundo cuadrimestre 2025.
- Data estimada para audiencia e información pública: Segundo cuadrimestre 2025.
- Data estimada de aprobación definitiva polo Pleno: Cuarto cuadrimestre 2025.

**Proposta de acordo**

Por todo o anteriormente exposto, de conformidade coas propostas formuladas e co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, se eleva á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**INFORME-PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de Plan Normativo anual do Concello de Vigo correspondente ao ano 2025 no que se inclúen as seguintes normas:

- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.
- Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa.
- Regulamento orgánico do goberno e da administración do concello de Vigo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

- Ordenanza municipal reguladora servizos cemiterios municipais.

**Segundo.-** Elevar o acordo adoptado ao Pleno para a súa aprobación, en cumprimento das “Directrices para a elaboración no Concello de Vigo do Plan Normativo Anual”.

**Terceiro.-** Publicar o Plan Normativo municipal, exercicio 2025, no Portal da Transparencia deste Concello co fin de que este a disposición dos interesados.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(904).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DA CONTORNA DA GRAN VÍA ENTRE PRAZA ESPAÑA E PRAZA AMÉRICA”. EXPTE. 2080/441.**

Visto o informe xurídico do 30/10/2024 e o informe de fiscalización do 31/10/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/10/2024, asinado técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

**1º.-** O Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo inclúe entre os seus Obxectivos Estratéxicos (OE 5.1) favorecer a cidade de proximidade mediante a humanización do espazo público, a mellora da accesibilidade e a conexión de percorridos peonís e infraestruturas de mobilidade vertical e transporte público. Entre as accións previstas no Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo inclúense entre outras a adecuación da xerarquización viaria A05.04, medidas de mellora da conectividade e accesibilidade urbanas a través de medios de apoio como escaleiras mecánicas, ramplas, etc., ou a extensión do proxecto Vigo Vertical a outras zonas da cidade (PT05.01).

**2º.-** No marco do contrato de servizos expdte. N° 671-441 encomendouse a mercantil UTE KHORA URBAN CONSULTING, S.L. - EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L. a realización dun “Plan Estratéxico de Actuación para a Mellora do Entorno Urbano e a Xestión do Espazo Público na Avenida da Gran Vía: Tramo Plaza España – Plaza América”, onde se inclúe unha análise previa das principais condicións e características da contorna de actuación, propondo unha serie de alternativas de actuación co obxecto de dar resposta ás necesidades sociais, de planificación futura da cidade e de estratexia de xestión do espazo urbano.

**3º.-** En virtude dos antecedentes descritos e para a realización deste servizo, en data 26.08.2024 emítese informe de necesidade e idoneidade asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais ao abeiro do cal na mesma data o Concelleiro da Área de Goberno de Fomento Servizos e Deportes

acordou o inicio do expediente de contratación.

**4º.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- a) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade da contratación asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 26.08.2024 onde se indican as finalidades institucionais competencia da Administración a satisfacer co obxecto do presente contrato.
- b) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento, Servizos e Deportes de data 26.08.2024.
- c) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 10.09.2024.
- d) Certificados de crédito asinados pola Dirección superior Contable e Orzamentación en data 12.09.2024
- e) Prego de Prescricións Técnicas asinado pola Enxeñeira Industrial e conformado polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 14.10.2024.
- f) Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP asinada polo servizo xestor en datas 23 e 24.10.2024.
- g) Informe do Servizo de Contratación indicando que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública, asinado pola Xefa de Area de Contratación e Novos Proxectos en data 24.10.2024.
- h) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa de Area de Contratación e Novos Proxectos en data 24.10.2024.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas reitores do contrato.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada (artigo 19 e 22 da LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP).

### **III.- PROPOSTA:**

Por todo o exposto, e unha vez incorporados ao expediente informe da titular da asesoría xurídico, documento contable e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación do SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE “REHABILITACIÓN E TRANSFORMACIÓN DA CONTORNA URBANA DA GRAN VÍA ENTRE PRAZA ESPAÑA E PRAZA AMÉRICA”.

**Segundo.-** - Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas asinado asinado pola Enxeñeira Industrial e conformado polo Xefe de Área de Servizos Xerais en data 14.10.2024.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato redactado pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos en data 24.10.2024.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe total de “DOUSCENTOS NOVENTA E TRES MIL CINCOCENTOS SESENTA E SEIS con OITENTA E UN CÉNTIMOS” (293.566,81 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 50.949,61 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 2270600 (Redacción técnica de proxectos), a nivel de bolsa de vinculación, segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	29.356,68 €
2025	264.210,13 €

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(905).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE “ HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO”. EXPTE. 2067/441.**

Visto o informe xurídico do 22/10/2024 e o informe de fiscalización do 05/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/10/2024, asinado técnica de Xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I.I.-** O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 19.10.2021 resolveu autorizar o gasto e adxudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO”, a favor da empresa favor de empresa Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones SL..

**I.II.-** A devandita empresa presenta trala fase de supervisión, proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Francisco Javier Zubía Fernández.

**I.III.-** Previo informe da Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos de data 14.07.2023, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en datas 17 e 18.07.2023, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11.08.2023 aprobou o proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Francisco Javier Zubía Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO CORENTA E SEIS MIL SEISCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.146.686,64 €), e con sinatura dixital de data 13 de xullo de 2023. (Expte. 5744-443).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

**I.IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 11.08.2023 que se corresponde co expediente administrativo 57444-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Francisco Javier Zubía Fernández.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 02.08.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 02.08.2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 03/04.10.2024.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 02.10.2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 20.09.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 04.10.2024.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 07.10.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 07.10.2024.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

S.ord. 08/11/2024

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-**No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 28.02.2023) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“HUMANIZACIÓN DA RÚA LEPANTO”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Francisco Javier Zubía Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO CORENTA E SEIS MIL SEISCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1776/1102

SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.146.686,64 €), e con sinatura dixital de data 13 de xullo de 2023., segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	100.000,00 €
2025	1.046.686,64 €
TOTAL	1.146.686,64 €

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e a Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 07.10.2024.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN CENTO CORENTA E SEIS MIL SEISCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.146.686,64 €)**., sendo o importe correspondente ao IVE de 199.011,73 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532.619.00.38 - proxecto de gasto 24153238 (Humanización Rúa Lepanto), provinte da modificación orzamentaria nº 11/2024, suplemento de crédito e crédito extraordinario (expediente 86/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2024	100.000,00 €
2025	1.046.686,64 €
TOTAL	1.146.686,64 €

**Cuarto.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes

plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 1046,69.

**Quinto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(906).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez